

**“O Patrimonio Cultural é un recurso de futuro”**



**Libro Branco para xestionar o Patrimonio Cultural de Negreira**



*Avance valorativo sobre  
planificación do Patrimonio  
Cultural de Negreira.*

**Anca Calvo, Juan Ángel**

**González Pérez, Leonardo**

**Peña Pascual, Darío**

**Teira Brión, Andrés**

Proxecto “*Avance valorativo sobre planificación do patrimonio cultural do concello de Negreira*” financiado pola entidade municipal do concello de Negreira dentro da planificación do patrimonio **“Arqueoloxía e Sociedade na Negreira do século XXI”**

ARQUEOLOXÍA E SOCIEDADE.

# Ficha Técnica

## Denominación do traballo:

“Avance valorativo sobre planificación do patrimonio cultural do concello de Negreira”

## Entidade financeira:

Concello de Negreira.

## Datas de Actuación:

Finais de Novembro-Decembro 2005.

## Responsable da Actuación:

Juan Ángel Anca Calvo (Xestor do Patrimonio Cultural e Arqueolóxico).

## Arqueólogo Investigador:

Andrés Teira Brión.

## Arqueólogo Investigador:

Darío Peña Pascual.

## Técnico de Turismo e Arqueólogo Investigador:

Leonardo González Pérez.

## Redacción do Documento:

Andrés Teira Brión, Darío Peña Pascual, Leonardo González Pérez e Juan Ángel Anca Calvo.

## Fotografía.

Andrés Teira Brión, Darío Peña Pascual, Leonardo González Pérez e Juan Ángel Anca Calvo.

## Referencias administrativas:

---

Solicitud de subvención para o fomento do desenvolvemento local: Código de procedemento **AS351E**. Documento **S-1**. **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS. EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS. XUNTA DE GALICIA.**

## ÍNDICE

<i>FICHA TÉCNICA</i> .....	3
1. <i>PUNTO DE PARTIDA</i> .....	5
1.1. <i>Resumo da Actuación</i> .....	5
1.2. <i>O estado do Patrimonio Cultural de Negreira</i> .....	5
1.3. <i>O papel do Xestor do Patrimonio Cultural: a busca de solucións</i> .....	7
2. <i>METODOLOXÍA</i> .....	11
2.1. <i>Definición de zonas de traballo</i> .....	11
2.2. <i>Valoración das zonas, tanto da súa situación, afeccións potenciais e/ou efectivas, como da súa potencial posta en valor</i> .....	12
3. <i>ANÁLISE</i> .....	15
3.1. <i>O Corzán</i> .....	16
3.2. <i>Pontemaceira</i> .....	21
3.3. <i>A confluencia do Barcala e o Tambre. As terras baixas de Negreira</i> .....	25
3.4. <i>O Centro de Negreira. Aro</i> .....	36
3.5. <i>O Val de Barcala. Norte de Negreira</i> .....	40
3.6. <i>Oeste de Negreira. As terras chairas do Xallas</i> .....	46
3.7. <i>Negreira sur (Liñaio, Lueiro, Arzón, Xallas). O Tambre</i> .....	50
3.8. <i>O Camiño de Santiago en Negreira</i> .....	58
4. <i>DIAGNÓSTICO</i> .....	64
4.1. <i>Patrimonio arqueolóxico</i> .....	64
4.2. <i>Patrimonio construtivo</i> .....	65
4.3. <i>Patrimonio etnográfico</i> .....	67
5. <i>PLAN DE EXECUCIÓN. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN (ACCIÓNS CONSECUTIVAS)</i> .....	69
5.1. <i>Coñecemento do patrimonio</i> .....	71
5.2. <i>Divulgación do patrimonio</i> .....	74
5.3. <i>Posta en valor do patrimonio e promoción turística do patrimonio</i> .....	77

# 1. Punto de partida.

## 1.1. Resumo da Actuación


Esta análise non é unha catalogación de xacementos e bens patrimoniais, xa que esta xa se ten realizado co gallo do planeamento urbanístico e, parte, dentro dun proxecto de catalogación de xacementos arqueolóxicos de mediados dos 80 (Rivas, 2000; García e Shee. -sen data-), e para os que non se contan cos permisos pertinentes da Dirección Xeral de Patrimonio, nin aparecen especificados dentro das normas de concurso do devandito proxecto. Polo tanto, a intención principal deste informe, é a busca dunha valoración do patrimonio coñecido de Negreira para ver as posibilidades de posta en valor de cara a unha rendibilidade social e económica, tanto para compatibilizar co desenvolvemento da zona, como aportar ingresos a través dunha oferta turística e de ocio.

A utilidade social e económica das ideas emanadas con esta valoración do Patrimonio Cultural ambicionan, nun primeiro momento, en converterse nun protocolo ou Libro Branco que delimite claramente as bases dunha futura xestión do Patrimonio Cultural de Negreira. Polo tanto, poderemos observar como este tipo de estudos poden transformar a clásica concepción negativa asociada ó Patrimonio Cultural, un elemento molesto para veciños, construtores e administracións á hora de xestionar a cualificación do solo, nunha fonte de riqueza, social e económica, e de desenvolvemento endógeno das sociedades rurais galegas. A clave reside en apostar por un Patrimonio Cultural organizado de tal xeito que sexa facilmente accesible, dentro dun discurso histórico que o dote de significado para o público en xeral. E isto soamente o alcanzaremos cunha Divulgación que vaia máis alá da erudición librería, xa que a ignorancia do noso pasado nunca solventou ningún problema.

## 1.2. O estado do Patrimonio Cultural de Negreira.

Partimos da premisa de que non buscamos reconstruír o pasado de Negreira mediante a busca dun Patrimonio Cultural espectacular, monumental. O noso obxectivo é unicamente utilizar o Patrimonio Cultural coma un dato máis, cotexado coa pertinente documentación bibliográfica que nos permitirá configurar un discurso histórico o suficientemente rigoroso e atractivo, dende o punto de vista científico e pedagóxico, para comezar con bo pé a Divulgación.

O Patrimonio Cultural do Concello de Negreira responde as características xerais dos pequenos poboados asentados nas zonas rurais de Galicia, os cales, están vendo mermadas as súas actividades culturais, entre outras, en beneficio das cidades pola súa transformación en “pobos dormitorio”. Un efecto que ben podería neutralizar Negreira impulsando a creación dunha identidade territorial propia a través, por exemplo, da Divulgación do coñecemento do seu pasado. Non obstante, isto non é suficiente, pero pode ser o referente para un pobo que desexa ofrecer calidade de vida, calidade de vila.


A PROBLEMÁTICA	
POLÍTICA CULTURAL IMPOSTA	
INTERVENCIÓN ANÁRQUICA SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL	
DESCOÑECEMENTO DA HISTORIA DE NEGREIRA	
TURISMO: O CAMIÑO DE SANTIAGO	

- **Unha Política Cultural imposta.** Na actualidade, debemos falar da ausencia dun movemento forte da sociedade civil relacionado coa Protección e Divulgación do Patrimonio Cultural. A excepción ven representada polos esforzos illados de Amancio Liñares, autor dunha vintena de obras de variada temática, onde abonda o compoñente local, e o impulsor dun ciclo de conferencias de profesores universitarios no ano 1985. Tampouco esquezamos o papel de Amador Troncoso no apartado de recuperación da historia do Servicio de Extensión Agraria de España que tivo o seu punto de partida no concello de Negreira na década dos cincuenta. Nas parroquias, mencionaremos a presenza dun xerme do asociacionismo cultural da man, principalmente, de Xosé Maneiro en Campolongo, e Romarís en Liñaio.
- **Intervención non planificada sobre o Patrimonio Cultural.** A sempiterna falta dunha programación cultural que organizara tódalas actividades en función da causa- efecto, Investigación-Divulgación, orixinou un pasado de Negreira centrado principalmente nas épocas Medieval e Contemporánea, sendo escasos os estudos de natureza Prehistórica. Entre os traballos máis salientables atópase o análise do Megalitismo no monte Corzán por parte de Carlos García e Elizabeth Shee na década dos oitenta, partindo das incursión previas de Sobrino Lorenzo Ruza; o estudo sintético dos castros de Agrafoxo nos noventa e, ademais, as incursións de Chamoso Lamas nas proximidades de Chancela nos anos cincuenta. Tamén é de recibo recordar o papel de Cardeso Liñares no apartado artístico do Val da Barcala.
- **Descoñecemento da Historia de Negreira.** A última actividade científica e divulgativa impulsada polo Concello foi un ciclo de conferencias impartidas por diversos profesores da Facultade de Historia, dende a Prehistoria ata a Historia Contemporánea, cun marco de estudo máis aló de Negreira. A principal aportación a protagoniza recentemente Amancio Liñares coa publicación da “Historia no Espello”, un pequeno apartado no manual de

segundo de ESO (1999). Así, un exemplo particular, Negreira, serve os estudantes para comprender mellor a Historia de Galicia. A pesar disto, este profesor de secundaria imparte clases en Santa Comba, sendo a maior parte do profesorado do Instituto de Negreira forasteiro, e por tanto, lonxano da súa historia. De forma excepcional, únicamente coñecemos o interese dunha profesora de realizar rutas culturais entre os máis novos.


- **Turismo: o Camiño de Santiago.** A percepción positiva da rendibilidade turística do camiño de Santiago poida ser moi cuestionada na actualidade por varias razóns. Os peregrinos son turistas de paso, realizan poucos gastos e non quedan para coñecer os lugares e desfrutar da gastronomía local. Sen embargo, teñen que ser as diversas Administracións as encargadas de asumir os gastos de aloxamento e asistencias destes turistas, e non falemos dos gastos de publicidade, entre outras cousas.

### 1.3. O papel do Xestor do Patrimonio Cultural: a busca de solucións.




- a) A Política Cultural consensuada coa sociedade civil.** O triunfo dos proxectos culturais, a súa continuidade no tempo, pasa obrigatoriamente polo protagonismo da iniciativa local na xestión do seu Patrimonio Cultural. O tradicional “despotismo técnico” dos xestores culturais abandona todo o sentido nas sociedades democráticas do século XXI. Entón, o noso papel convértese nun traballo “técnico” ó servizo da comunidade e, polo tanto, conseguiremos unha Política Cultural por e para a sociedade. En definitiva, os profesionais unicamente aportaríamos os nosos coñecementos para que a sociedade elabore as súas propostas no campo da Política Cultural, dado que partimos da premisa de que unha sociedade participativa supón un aumento da calidade de vida<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Oscar Rebollo, (2001). EL plan de Trinitat Nova: unha experiencia de participación cidadán.



A primeira vista, o futuro pasa por fornecer e recuperar o sentimento de asociacionismo agrario que perviven nalgunhas parroquias, semente do movemento cooperativo de Feiraco, e dota-lo dun sentido cultural. Por agora, as parroquias máis proclives a esta actuación son as de Liñeiro e Campolongo xa que demostran un interese por coñecer e conservar o seu pasado.



- b) Planificación da Xestión do Patrimonio Cultural.** Agora ben, se o pobo de Negreira desexa asumir este protagonismo na definición da Política Cultural que lles vai afectar a eles mesmos, non poderá eximirse das responsabilidades propias da creación e mantemento dunha organización

encargada de xestionar o Patrimonio Cultural e Arqueolóxico de Negreira. Este organismo, esta Fundación, deberá trasladar este proxecto á realidade dunha maneira ordenada e efectiva, e isto soamente se consegue co establecemento dunha planificación a medio e longo prazo. É, ó noso xuízo, indispensable o agrupamento das dispares e, a veces, disparatadas actuacións patrimoniais feitas ata agora, e encamiña-las cara un proxecto global que dote de utilidade e coherencia as futuras actuacións. A dificultade procede do pensamento autárquico dos diferentes estudosos das Ciencias Sociais coma ben reflexan os seus traballos monotemáticos, pechados. Así, ata fai pouco, e aínda sucede na actualidade, un etnógrafo acude o campo para facer o seu traballo etnográfico mediante a recollida do folclore no entorno dun castro, namentres, un arqueólogo está a prospectar ou escavar ese castro. En caso contrario, o xeito correcto pasa pola unión dos esforzos destes profesionais, etnohistoria, e permite principalmente, coñecer o patrón de racionalidade da sociedade campesiña grazas á posibilidade de poder comparar a realidade (cultura material) coa lenda (folclore).

A idea resultante é simple, racionalizar os recursos e os traballos profesionais nun horizonte de futuro. Seguindo este precepto seremos capaces de impulsar a creación dunha recolleita etnográfica ó mesmo tempo que articulamos a Prehistoria e Historia de Negreira sen esquecer a nosa fonte de lexitimación perante a sociedade, a Divulgación.

- c) Investigación da Historia de Negreira e a súa Divulgación.** Os elementos que conforman o Patrimonio Cultural (materiais) atopámoslos en bruto, nun estado de abandono físico causado polo seu esquecemento na memoria da sociedade, sendo necesario transforma-los en algo elaborado con auténtico valor para a sociedade. Ese algo, consistirá na realización dun quebracabezas que nos permita establecer a Historia no Concello de Negreira. A unión destas pezas é un proceso lento que levará acompañado dun exercicio continuo e incansable de Divulgación de cada unha das pezas, un grupo de elas ou incluso, aventurarse a delimitar cómo podería asentarse o quebracabezas enteiro. Neste contexto, Historia e Divulgación camiñarán xuntas perante a obriga de redimir o deficiente coñecemento do pasado da localidade, a pesares das numerosas traballos arqueolóxicos, etnográficos, históricos e artísticos que apenas tiveron rendibilidade social na zona. ¿Alguén coñece as mámoas do Corzán? ¿Cantos castros temos en Negreira?... Entón debemos preguntarnos se é lícito, moralmente falando, seguir aceptando por parte da sociedade a anarquía -non planificación- imperante na Xestión do Patrimonio Cultural e Arqueolóxico.
- d) Promoción turística: turismo cultural de calidade.** Outra maneira de rendibilizar o Patrimonio Cultural, de moda hoxe en día, é o denominado “Turismo Cultural”, consistente na posta en valor dos diferentes xacementos arqueolóxicos e as edificación arquitectónicas e nada máis, porque se

supón, que nun mundo dominado polas imaxes e máis un certo halo de romanticismo, o acto de tocar un monumento ou de rexistra-lo fotograficamente che permite retroceder inmediatamente ó pasado. Un craso erro, grave diríamos, na concepción do patrimonio, xa que o Patrimonio Cultural (material) unicamente nos aporta datos co fin de artellar un discurso histórico rigoroso porque, señores turistas, ese castro ou mámoa, o que sexa, está no presente. Por este motivo, desexamos evitar naufragar no turismo de imaxes, sen fío argumental e impulemos o desenvolvemento dunha narración torno ó suposto monumento e que estivese sustentada nun discurso histórico. Por exemplo, o Pazo de Cotón soamente nos pode servir para explica-la Idade Moderna e Contemporánea en clave local-rexional-universal e non, para fotografa-lo repetidamente e preguntar de qué ano é, e pouco máis ¿Qué motivación posúe o turista? ¿Non resulta hipócrita axuntar o cualificativo de cultural ó termo turismo? ¿En realidade vendemos exclusivamente ocio? A nosa resposta é a defensa dun Turismo Cultural que permita aumentar o grado de coñecemento do pasado por parte dos cidadáns, o que supón, por extensión, o progreso da sociedade. Se continuamos respectando o actual formato de Turismo Cultural, chegaremos a un punto no cal non poidamos diferenciar entre a calidade da oferta cultural dun lugar como Euro Disney, por citar un punto de ocio, e a de Negreira e, a nosa vida, estaría dividida unicamente entre traballo e ocio, deixando marxinalizada a cultura. A solución para estes males é moi sinxela, reformulemos o concepto “Turismo Cultural” como aquel produto turístico capaz de transmitir coñecementos culturais de valía. Unha tarefa onde teñen unha maior relevancia os arqueólogos, etnógrafos e os historiadores que sexan conscientes da necesidade de rendibilizar socialmente o seu traballo.

Tamén en materia de turismo en Negreira partimos de cero neste campo. Con todo, esperamos que as nosas inxerencias e propostas sobre Turismo Cultural transmitan a necesidade de facer accesible e organizado o coñecemento dalgunha parte do pasado de Negreira.

- e) A creación dun Protocolo de Actuacións.** As ideas de futuro comentadas anteriormente requiren dun esforzo máximo por parte das diferentes administracións e veciños de Negreira. De saída, é unha cuestión máis de fe que de razón ante a ausencia doutros exemplos no país. Por este motivo, o noso seguinte obxectivo consistirá na plasmación a realidade do noso corpus teórico a través da programación dunhas sinxelas Actuacións Patrimoniais e Turísticas (Apartado número 4: “Plan de Execución”) coa pretensión de espertar paseniñamente entre a sociedade civil o interese por coñecer o seu pasado. Pois, temos moi claro que a sociedade será a encargada de aceptar ou rexeitar a valía do noso traballo e non tanto a elite intelectual do país.

## 2. Metodoloxía

O protocolo de actuación xerado deste documento debe entenderse como un instrumento de rendibilidade tanto cultural como económica, cultural no sentido de fornecer unha concienciación e un mellor coñecemento do patrimonio de Negreira, e no eido económico a través dunha promoción turística deste patrimonio e a situación actual dos monumentos para poder axilizar os trámites urbanísticos e o coñecemento previo de qué tipo de obras non se poden realizar, ou se permiten dentro das áreas de protección. Noutras palabras, estas medidas a propoñer non se encamiñan exclusivamente cara unha axeitada xestión cultural dos recursos patrimoniais, senón para aforrar custes e tempo cunha correcta planificación urbanística.

Unha correcta valoración e rendabilización patrimonial esixe que unha parte do traballo se realice *in situ*, é dicir, no lugar onde se encontran as entidades patrimoniais suxeitas a estudo. Neste senso debemos sosternos a través dunha análise previa, que mediante un aparello metodolóxico nos permita unha axeitada estruturación das actuacións, e orixinar un punto de inicio dunha correcta planificación do concello. Para realizar dito traballo é imprescindible o deseño dun esquema de traballo que neste caso, para este informe, imos articular en tres eixes:

- **Localizar→ Definir zonas de análise e Describir→Zonas e elementos patrimoniais.**

### 2.1. Definición de zonas de traballo.


A definición previa de áreas de traballo permite, por un lado, unha actuación no campo máis áxil e rápida, pero tamén proporciona unha entidade de estudio á que realizar unha análise de conxunto. Estas zonas de traballo pódense corresponder con entidades xeográficas, administrativas, conxuntos de xacementos ou elementos de outro tipo. Funcionando polo tanto a zona, como agrupadora de puntos de interese, e adaptándose o seu uso ás necesidades de índole valorativa. Como punto de partida para o rexistro e análise, pódense tomar as fichas do sistema de rexistro de campo de xacementos descrita en M<sup>a</sup> del Carmen Martínez López (1997).

É imprescindible unha planificación ó detalle das saídas ó campo, para o cal se propón unha definición previa dunhas áreas de traballo, xa que buscamos un traballo en campo máis áxil e rápido, pero tamén definir unha entidade de estudio na que dividi-lo concello e que nos permita xustificar un análise de conxunto.

A documentación de cada zona realízase de acordo cos seguintes campos:

- a) **Denominación.** Nome co que coñecemos a zona.

- b) **Localización:** Sinálase o nome do Lugar, Parroquia e Concello. Situación e/ou un croque ou mapa.
- c) **Descrición.** Detállanse as características da zona especificando a tipoloxía e cronoloxía dos elementos incluídos nelas, e os razoamentos polas que son relacionables.
- d) **Entidades de interese e/ou xacementos incluídos.** Enuméranse os xacementos e elementos patrimoniais (nome e código da Xunta) e outras entidades.



## 2.2. Valoración das zonas, tanto da súa situación, afeccións potenciais e/ou efectivas, como da súa potencial posta en valor.

Unha vez definidas e descritas as zonas, procédese ó análise das mesmas. Por un lado fixámonos na súa situación patrimonial, é dicir, no seu estado de conservación e nos axentes de alteración. E por outro, poñemos o acento na valoración da súa potencial rendibilidade patrimonial. É dicir, analizamos as posibilidades de posta en valor de cara a unha rendibilidade social e económica.

- a) **Situación Patrimonial (Sp).** Analizamos o estado de conservación global dos elementos ou conxuntos de elementos incluídos dentro de cada zona describindo os axentes e factores que puideron influír no seu deterioro e de que forma e grado o teñen feito.
- b) **Valoración Patrimonial (Vp).** Por un lado expónse o valor, significación e relevancia arqueolóxica, artística ou etnográfica dos elementos e conxuntos de elementos de cada zona.
- c) **Valoración do Potencial Turístico (Vpt).** Para valorar a potencialidade turística dos elementos ou conxuntos de elementos incluídos dentro de cada zona é necesario seleccionar dos moitos factores a ter en conta aqueles que nos permitan destacar entre o elevado número de elementos, os que presenten máis posibilidades, ou que precisen dunha intervención prioritaria. Os criterios avaliativos proceden de Matilde González Méndez (1999) *“Investigación y puesta en valor del patrimonio histórico: planteamientos y propuestas desde la arqueología del paisaje”* (pp. 289), onde se propoñen unhas pautas de análise desde un punto de vista non estritamente turístico, pero que poden adaptarse perfectamente ós nosos fins.
- **Potencial explicativo.** Está directamente relacionado coa amplitude temporal de propio elemento patrimonial. A maior franxa temporal ten o elemento maior potencial explicativo e ilustrativo. Tamén a variedade funcional, tipolóxica... dos seus elementos constitutivos axuda a aumentar o potencial explicativo.
  - **Perceptibilidade/Monumentalidade.** Trátase de valorar se a configuración do monumento/xacemento/elemento patrimonial e dos seus elementos constitutivos son facilmente entendibles e accesibles ó público xeral. Normalmente a monumentalidade está directamente relacionada coa maior perceptibilidade. Tamén inflúe a visión que a comunidade local ten do elemento patrimonial. Por exemplo, a existencia de tradicións ou lendas populares inflúe positivamente na perceptibilidade.
  - **Novidade/singularidade:** Comprobarase a disposición cara o público doutros xacementos da mesma categoría. A potencialidade turística será maior en proporción á novidade do recurso. Deberase ter en conta tanto o número de xacementos da mesma categoría, e a singularidade intrínseca do elemento patrimonial en cuestión. Un ítem que posúa unhas características tales que o fagan único, pode ser utilizado para levar a cabo unha estratexia de diferenciación desde o punto de vista turístico.
  - **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga:** Aquí referímonos á posibilidade de acoller grandes cantidades de público sen que a integridade do xacemento corra perigo. Existe patrimonio como o caso das covas de Altamira, que son un dos referentes

mundiais da arqueoloxía pero que son moi fráxiles e vense seriamente afectados polas visitas de grandes continxentes de persoas.

- **Conservación do entorno:** Fai referencia ó entorno inmediato que rodea o elemento patrimonial. Un entorno degradado pode ser un importante freo para a afluencia de turistas, cada vez máis sensibilizados en cuestións ambientais.
- **Atractivo da zona:** Se a zona onde se sitúa conta con outros atractivos de interese cultural, ofertas de ocio, adecuadas infraestruturas... o recurso se verase altamente favorecido.

Cos resultados obtidos preténdese unha base para propoñer..

***“medidas preventivas e de rendibilización”***


..medidas que non só se encamiñan a conseguir unha adecuada xestión cultural dos recursos patrimoniais, se non para aforrar custes e tempo cunha correcta planificación urbanística.

### 3. Análise

Como xa comentamos no capítulo anterior de Metodoloxía, neste epígrafe vaise insistir no desenrolo dun discurso analítico nunha división do concello realizada a priori nunha observación previa, e a posteriori resaltando diversos elementos significativos que asentaron ou modificaron os baremos previos.

As zonas delimitáronse seguindo varios criterios, arqueolóxicos, xeográficos, xurisdicionais, económicos, antropolóxicos, variando o peso relativo entre eles segundo a maior ou menor importancia dos elementos que as compuñan, ou se nalgún caso existían entidades o suficientemente significativas para seren tratadas de forma individual, este último caso son os de Pontemaceira e do Camiño de Santiago.

Debemos entender este capítulo coma un paso previo necesario, unha reeducación dos propios investigadores sobre a zona de estudo, e unha base de partida para unha diagnose e así xerar unhas actuacións a medida. Os pasos necesarios para tal empresa, veñen dados no seguinte esquema.



### 3.1. O Corzán



#### 3.1.1. Descrición.

O Corzán é un macizo granítico situado na vertente setentrional da varcia baixa do río Tambre. Está definido ó sur polo val deste río, ó norte polo val de Barcala, ó leste polo do río Pequeno, afluente do Tambre, quedando ó oeste a Serra da Pena. A zona así definida consta duns 25 Km. cadrados aproximadamente.

En principio, a definición do Corzán como zona de traballo podería xustificarse base a que este macizo granítico forma por si mesmo unha entidade xeográfica ben definida. Porén, non é esta a única característica que nos permite falar do Corzán nestes termos, xa que en dita zona agrúpanse unha serie de xacementos arqueolóxicos, mámoas, que posúen a mesma adscripción cronolóxica e cultural, e que constitúen un grupo definido con relacións entre si e co espazo delimitado.

As mámoas localízanse nos montes que rodean a penechira central do Corzán e algunhas nesta depresión, en ladeiras, en outeiros e cerca de cotóns, puntos de paso ou brañas do interior.

#### 3.1.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos:

Na zona do Corzán hai localizadas e catalogadas 41 mámoas, podendo falar de tres núcleos ben definidos por criterios de proximidade:

(a) *Coto de Meiro - Sinagoga.*

- GA 15056005. Parroquia de Aro.
- GA 15056006. Parroquia de Aro.
- GA 15056007. Parroquia de Aro.
- GA 15056008. Parroquia de Aro.
- GA 15056009. Parroquia de Aro.
- GA 15056010. Parroquia de Aro.
- GA 15056011, 5 mámoas. Parroquia de Aro.

GA 15056012. Parroquia de Aro.  
GA 15056027, 2 mámoas. Parroquia de Aro.

*(b) Pedra Facha - Coviña.*

GA 15056013. Parroquia de Aro.  
GA 15056014, 2 mámoas. Parroquia de Aro.  
GA 15056015. 3 mámoas. Parroquia de Aro.  
GA 15056016. Parroquia de Aro.  
GA 15056017, 6 mámoas. Parroquia de Arzón.  
GA 15056018. Parroquia de Arzón.  
GA 15056019, 2 mámoas. Parroquia de Arzón.  
GA 15056020. Parroquia de Lueiro.  
GA 15056021. Parroquia de Arzón.

*(c) Brañas de Corzán – Lamas.*

GA 15056001, 2 mámoas. Parroquia de A pena.  
GA 15056002. Parroquia de Xallas.  
GA 15056003. Parroquia de Xallas.  
GA 15056004, 2 mámoas. Parroquia de Xallas.  
GA 15056029. Parroquia de A Pena.  
GA 15056041. Parroquia de A Pena.  
GA 15056060. Parroquia de A Pena.

### 3.1.3. Situación Patrimonial (Sp).

As mámoas localízanse tanto en terras de pasto como de labor, mais polo xeral a zona na que se encontran a maioría caracterízase por estar cuberta por un espeso manto de vexetación que soe dificultar a localización, observación e rexistro.

Non obstante todas gozan da protección legal derivada da súa inclusión no planeamento urbanístico do concello, as mámoas están gravemente alteradas, tanto por axentes naturais como derivados das actividades forestais, agrícolas e escavacións furtivas. Neste apartado hai que realizar unha especial mención ás posibles agresións que unha concentración parcelaria sen un estudio previo de impacto poidan ocasionar, a zona foi obxecto de varios parcelamentos, pero afortunadamente non tocaron demasiado as mámoas xa que se atopan en espazos dedicados a monte.

Como nota anecdótica, un informante do lugar de Pedralonga deu noticia dunha “mina” á que varios veciños se xuntaron para escavar e ver se atopaban algún tesouro, este xacemento é a mámoa catalogada co código de Patrimonio

da Xunta co GA15056006, do mesmo xeito que fixo unha referencia á Mina de Espiñaredo (GA15056005), a única estudada de todo o concello que conservaba lousas con gravados, pero que foron substraídas para seren empregadas como material de construción para unha cheminea.

#### 3.1.4. Valoración Patrimonial (Vp).

Trátase dunhas necrópoles tumulares cunha cronoloxía que oscila entre 4500-2500 a.C. Estes enterramentos monumentais de carácter colectivo reflicten os inicios da antropización da paisaxe e da domesticación do medio.

Como podemos observar, as mámoas agrúpanse constituíndo conxuntos de diversos tamaños, podéndose falar de necrópoles tumulares. Desde o punto de vista da Arqueoloxía da Paisaxe, o análise das relacións existentes entre as propias mámoas, e do espazo no que están situadas, revélanos unha paisaxe cultural que permite a reconstrución do sistema socio-cultural que o orixinou.

A situación das mámoas en lugares elevados e preto de outeiros, permite identificar a partir delas rutas de tránsito, accesos a áreas especiais e a certos recursos críticos, no noso caso zonas de pasto e áreas potencialmente cultivables.

Estamos falando de comunidades produtoras, onde aparece por primeira vez a agricultura e a gandería como bases económicas, e se coñece como obxecto a cerámica. Cunha tecnoloxía rudimentaria fundamentada na madeira e a pedra, xa que se descoñece o metal, pero suficiente para pór en cultivo solos pouco profundos e que non impliquen un grao alto de alteración do medio, unha remoción de terras e tala de árbores sistemáticos, que en todo caso se realizaría con lume a través de queimas controladas.

#### 3.1.5. Valoración do Potencial Turístico (Vpt).

##### **Potencial explicativo:**

Como acabamos de sinalar, desde o punto de vista da arqueoloxía da paisaxe, as necrópoles tumulares conforman unha paisaxe cultural. Unha paisaxe deixa de ser natural desde que o ser humano fai calquera intervención nela, pese a que sexa exclusivamente de forma mental (simbolización, sacralización...). Partimos dunha concepción da paisaxe como un produto socio-cultural. A espacialidade, como síntese do social, é unha parte moi significativa dunha sociedade, é unha dimensión da mesma. Polo tanto unha análise da paisaxe contando cas claves adecuadas permítenos estudar procesos e feitos sociais. Desde esta perspectiva e cunha adecuada xestión, que esixiría unha inversión económica para a posta en valor dalgunha das mámoas, a zona do Corzán pode transformarse nun potente recurso explicativo que acerque ó grande público o Megalitismo galego.

##### **Perceptibilidade /Monumentalidade:**

As mámoas, polas súas características e significación poden ser consideradas coma os primeiros monumentos levantados en Europa e en Galicia. Rara vez se atopan illadas, senón, como xa se apuntou, formando grupos o necrópoles. Trátase de construcións que foron feitas para ser vistas e

para destacar na paisaxe non só de forma individual senón tamén en grupo. Son polo tanto xacementos accesibles ó público, que non esixen do visitante excesivo esforzo imaxinativo xa que están á vista.

A súa localización en zonas montañosas, de pastos, lonxanas e illadas de núcleos de poboación, fai que as comunidades locais descoñezan o significado, e a importancia destes xacementos, o que supón unha dificultade engadida á hora de abordar a súa posta en valor.

#### **Novidade/singularidade.**

A presenza, na península do Barbanza e na Costa da Morte de restos arqueolóxicos da cultura Megalítica similares, e incluso máis monumentais ós do Corzán resta certa forza e singularidade a esta oferta turística pero non a inhabilita por completo.

#### **Capacidade de recepción de público/capacidade de carga.**

Ó tratarse de xacementos dispersos, o Corzán permite a posibilidade de acoller grandes cantidades de público sen que a integridade do conxunto corra perigo.

#### **Conservación do entorno.**

O macizo do Corzán non é só un recurso cultural senón tamén natural. Polos súas características naturais e estado de conservación supón un valor engadido ós xacementos megalíticos que contén. Desta forma a oferta cultural e a ambiental complementáanse, e refórzanse as posibilidades desta zona. Combinar a práctica do sendeirismo e disfrute da natureza ca visita ós distintos xacementos, unha vez preparados para iso, suporía o aproveitamento óptimo de ambos recursos.

#### **Atractivo da zona**

Negreira conta cunha variada oferta articulada torno a distintas rutas culturais que permiten coñece-lo concello. Esta variedade fai que unhas ofertas reforen e complementen a outras. A pesares desto, unha das dificultades que existen para unha óptima explotación turística da zona do Corzán reside na carencia de infraestruturas, tanto viarias como de recepción, información, sinalización, etc., que faciliten el aproveitamento dos seus recursos. Estas carencias só son arranxables cunha adecuada inversión económica e unha boa xestión e planificación técnica.

# O Corzán



Vista dende o Norte do Coto de Meiro



Explotación dunha canteira en coto de Meiro



Mámoa de Espiñaredo (Ga15056006)



Mámoa Mina de Espiñaredo (Ga 15056005)



Vista panorámica dunha mámoa do Cotón do Castelo cuberta por toxos



Mámoa da Sinagoga (Ga 15056008) afectada pola plantación de eucaliptos e un detalle da cámara



## 3.2. Pontemaceira.



### 3.2.1.Descripción.

A área de Pontemaceira está situada ó sur da parroquia de Portor, no extremo oriental do Concello de Negreira. O feito de que nesta área coincidan recursos de diversa índole, todos eles aproveitables desde o punto de vista turístico, xustifica delimitar unha zona de traballo tan pequena en comparación coas restantes.

A presenza do Camiño de Santiago, un entorno natural agradable, exemplos de patrimonio etnográfico, artístico e cultural, todo formando un conxunto harmónico e belido, fan de Pontemaceira un recurso cunha potencialidade turística importante.

### 3.2.2.Entidades de interese e/ou xacementos incluídos.

O río Tambre e as súas ribeiras constitúen xa por si mesmos un recurso importante en consonancia co auxe do turismo verde e a cada vez maior sensibilización en cuestións ambientais. O resto de elementos que valoramos desta zona artículanse torno ó río. Desta forma a prolongación do Camiño de Santiago e o paso deste curso fluvial a través da ponte medieval cobran un especial valor ó atoparse nun entorno natural como o mencionado. A todo isto engádese o coidado conxunto de edificios constituído pola capela de San Blas (San Brais), o núcleo de vivendas entre as que hai que destacar unha casa brasonada, e dous muíños hidráulicos, mostra do sistema de produción rural tradicional, e que conservan as canles que levaban a auga ata o rodicio. A estes dous exemplos da arquitectura tradicional é preciso engadir dous pombais.

- Río Tambre
- Camiño de Santiago
- Ponte medieval
- Conxunto de casas
- Muíños hidráulicos
- Capela de San Blas (San Brais)

- Pombais

### 3.2.3.Situación Patrimonial (Sp).

O estado de conservación dos elementos que constitúen a zona de Pontemaceira é bo, gozando ademais dun correcto mantemento que axuda a mellorar a imaxe da zona.

O río está limpo, as marxes medianamente coidadas. O camiño de Santiago está sinalizado e a ponte ben conservada, aparentemente sen ningún tipo de obra contemporánea que o desvirtúe, o único exemplo a construción dunha vivenda de tipo historicista que recorda ás construcións pancegas pero que data do século XX.

Os muíños foron sometidos a un proceso de restauración, pero non se atopan en funcionamento pese a conservar as moas e a estrutura construtiva, pero sen rodicio. Estes muíños foron de partes ou parcería, é dicir, de propiedade comunal para que puidesen moe-los veciños.

O núcleo de casas, algunha delas restauradas e promocionadas como novas vivendas, xunto coa capela de San Blas do século XVIII, que posúe un engadido moderno que imita ó estilo románico, e os dous pombais están en bo estado de conservación.

### 3.2.4.Valoración patrimonial (Vp).

A zona conta cun conxunto significativo de arquitectura tanto desde o punto de vista etnográfico, xa que os pombais e os muíños hidráulicos, xunto cas casas están todos integrados nun conxunto coherente tanto visual como espacialmente, como desde o punto de vista histórico, cunha ponte medieval, vinculada ó Camiño de Santiago, que pode considerarse pola súa tipoloxía dos séculos XIII-XIV d.C., aínda que hai que sinalar que este tipo de obras están sometidas a continuas intervencións ó longo de toda a súa vida, xa sexa para o seu mantemento, reparación ou mellora.

### 3.2.5.Valoración do Potencial Turístico (Vpt)

#### **Potencial explicativo**

É un dos puntos fortes da zona, xa que nunha franxa relativamente pequena de espazo intégranse elementos que nos poden achegar e axudar a comprender tanto algúns aspectos da historia galega como outros relacionados cos modos de vida e produción tradicionais, como poden selos pombais, muíños e algunhas construcións adxectivas das casas como alpendres e cortes.

A presenza do Camiño de Santiago convídanos a reflexionar sobre a importancia das vías de comunicación, o seu significado como liñas polas que transitan non só persoas senón tamén ideas, e a súa implicación na economía da zona xa que podemos presupoñer que na ponte tivese que pagar portazgo.

Por outro lado temos que destacar que algunhas obras como as pontes hai que valoralas como obras “vivas” que, como xa se apuntou, están sometidas a continuas intervencións xa sexa para o seu mantemento, reparación ou mellora,

e o estudio das súas fases construtivas supón un valor engadido á hora de explicalo pasado.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade**

Trátase de valorar se a configuración do xacemento e o dos seus elementos constitutivos son facilmente entendibles e accesibles ó público xeral. Normalmente a monumentalidade está directamente relacionada ca maior perceptibilidade.

#### **Novidade / singularidade.**

A oferta da que dispoñemos na zona, tanto a nivel cultural como natural e lúdico, esta última sobre todo nos meses de verán e en relación co seu uso como espazo recreativo, fan de Pontemaceira posúa unha potencialidade turística non só a nivel local, senón tamén comarcal. Deberíase valorar orientar a xestión da zona en colaboración co concello de Ames, cara unha posta en valor e en uso dos muíños, un mantemento axeitado das ribeiras e do propio río, así mesmo para a conservación dos elementos urbanísticos tradicionais debería valorarse no planeamento urbanístico como zona de especial interese.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga.**

O entorno inmediato que rodea a zona goza de boa saúde, sendo este un dos puntos fortes que poden potenciar a afluencia de visitantes.

#### **Atractivo da zona.**

En resumo, a coincidencia de recursos de distinta índole, naturais, históricos e etnográficos e arquitectónicos, dotan a esta zona dun grande atractivo e invitan a planificar unha adecuada xestión que permita rendibilizar o seu grande atractivo.



Vista de presa e muiño



Capela de San Brais



Rúa pola que percorre o Camiño de Santiago



Casa brasonada



Ponte medieval

Vista panorámica de Ponteaceira (Negreira)



### 3.3. A confluencia do Barcala e o Tambre. As terras baixas de Negreira.



#### 3.3.1. Descrición.

A zona Este do concello de Negreira ben poderíase definir en relación coa zona Norte e do Camiño Santiago porque, nun análise máis amplo, poderemos afirmar que no acceso natural das terras de Santiago cara a Costa da Morte era case obrigado aproveitar o Val do Barcala. De esta maneira, Portor convértese nun pequena elevación orográfica que hai que superar unha vez deixado atrás o río Tambre por Pontemaceira, e de seguido, atoparse nas terras baixas -debaixo dos douscentos metros, en Abeonca e Fontán – e volta a un outeiro achantado que recolle a actual Negreira entre o río Albariña e o rego de Doumos, afluentes dos ríos Barcala e Río Baña respectivamente. Neste punto ou ven seguimos en Dirección NO, val do Barcala atravesando o Pazo de Cotón ou en dirección Norte, chegando a Baña por un pequeno val.

A Negreira das terras baixas, a Negreira entre pontes, Cotón e Pontemaceira, é das zonas máis ricas en recursos patrimoniais e turísticos de todo o Concello debendo constatar a problemática dalgunhas entidades patrimoniais pola súa invisibilidade física ou difícil acceso: os castros, xacemento galaico-romano, a vía romana e o camiño medieval. Pese a súa utilidade patrimonial máis complexa, sempre nos axudaran a articular un discurso histórico-patrimonial de corte homoxéneo e de longa duración.

#### 3.3.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos

- Os castros
- A vía romana
- Xacemento galaico-romano
- Camiño medieval
- As igrexas
- Pazos
- Núcleo urbano
- A paisaxe agraria do leite

(a) *Os castros. Vilachán, Logrosa e Covas:*

Un primeiro momento de ocupación humana deste territorio lévanos inevitablemente a unha reconstrución da Idade do Ferro (Agrafoxo, 1992; Rivas, 2000) bastante sinxela se non tivéramos en conta a ausencia de estruturas definitorias do Castro de Covas, emprazado nun outeiro situado entre regatos con boa visibilidade. Seica resulta un caso diferente en relación cos Castros de Vilachán e Logrosa, situados en esporóns que controlan visualmente áreas fértiles do Val do Barcala e o traxecto do Tambre na Mahía, respectivamente. Por tanto, e xunto coa súa proximidade as aldeas actuais e a presenza de estruturas coma parapetos nestes dous castros, é posible adscribilos cronoloxicamente a Idade do Ferro II, comprendida entre os séculos IV e II a.C. Así e todo, a Idade do Ferro de Negreira é coñecida principalmente polas estatuas sedentes de Logrosa; depositadas na actualidade no Museo do Pobo galego, son de difícil interpretación mais posúen semellanzas estilísticas coas estatuas cubo do Mediterráneo Oriental, existindo máis exemplos entre os castros de Galicia e norte de Portugal, pero outros autores coma Cuevillas (1957) as comparaba coas estatuas menhires. Non obstante, estes achádegos están rodeados dunha gran aureola de misterio, moi usual entre as campañas de actuacións e procesos de investigación arqueolóxicos pre-científicos, polo que é necesario dubidar do seu real achádegos no castro de Logrosa, aínda que todo apunto como hipótese máis probable. Deste modo, volvamos ó pasado e recordemos coma José María Barreiro González contaba ó comisario local que na horta do doutor Caamaño, en Chancela de Logrosa, atópanse dúas estatuas do castro de A Barquiña (Logrosa, supoñemos). Un castro que contaba cun amplo parapeto que acentuaba as defensas na parte S e E, xunto cunha canteira no interior e os pertinentes restos cerámicos (Chamoso, 1953).

(b) *A vía romana*

O mundo das especulación tamén continúa, incluso acentúase, cando chegamos ó período galaico-romano. Nos imos recorrer excesivamente no estudo da vía romana “per loca marítima” que supostamente viña dende Roo, seguindo o curso do Tambre, Luaña-Viceso-Ons, ata Negreira (Nícraria Tamara ou Nícrarie Portus), momento no que toma rumbo NO, pasando por Gonte en dirección Santa Comba-Brandomil (segundo Acuña Castroviejo) . Os últimos achádegos feitos en Santa Comba puideran apuntar nesta hipótese, pero é necesario a unha constatación arqueolóxica de dita infraestrutura viaria no seu paso por Negreira para fortalecer dito argumento.

(c) *Xacemento galaico-romano*

De forma curiosa, a outra fonte de información para a reconstrución deste etapa histórica, ademais da vía romana, bosquexa máis interrogantes porque susténtase na existencia dun xacemento o carón da Igrexa de Santa Eulalia de

Logrosa. Tales suposicións proceden dos traballos de Chamoso Lamas (1953) e os estudos das aras de Pereira Menaut (1991).

Imos por un momento intentar documentar os achádegos. O cura párroco José María Barreiro González da conta de máis elementos arqueolóxicos na horta do doutor Caamaño, aparte dos referidos anteriormente no castro de Logrosa, descubertos o arar os arredores desta propiedade. Comenta a presenza de tres aras (números 23, 24, 25; estudo Pereira Menaut), tres tambores de fustes de columnas, un fragmento de muíño circular. Interesado por esta información, o comisario Chamoso Lamas decide emprender unha exploración na zona co resultado da localización dun grande número de tégulas, recipientes cerámicos romanos e incluso sigillata.

O contexto de achado do resto das aras é máis difuso. A 22 apareceu en 1970 nun labrado de Logrosa e a número 25, perdida hoxe en día, foi rescatada presuntamente nas proximidades de Vilachán, no século XIX. Para calquera consulta, os números dende o 22 ata o 25 están depositadas no museo do Pobo Galego, propiedade do IEGPS.

Análise das aras (Pereira, 1991):

**22.**

Focos circular sobreelevado.

6x32-29x23-21 cm. Letra 6-5 cm

**Nomes indíxenas Aebura (tamén Ebura) Ati (Attus, Attius. ten un homófono latino), e a divindade Cosus.**

*Coso Do-  
mino Ae-  
b(ura) Ati (filia) Cil(ena)  
exs vo-  
to p(osuit)*

**23.**

99x32-28x18 cm. Letra 6-5 cm

**Dedicada a Xúpiter.**

*I(ovi) O(ptimo) M(aximo)  
a(ram) p(osuit) s(ua) p(ecunia)  
S(---) M(---)*

**24.**

99x41-34x12 cm. Letra. Liña 1: 12-7, 2:13-6, 3: 11 cm. respectivamente.

*Iovi*

*Op(timo) Ma(ximo)*

*Ma(---)*

**25.**

188x54-50x17. Letra 9-8 cm.

*D(is) M(ani)b(us)*

*Aûreli(us)*

*Aûrel-*

*iânus*

*aAnn-*

*orum*

*XXXVI.*

**26.**

Inscripción perdida que no século XIX se atopaba en Vilachán. Sen imaxe.

*[---] AS*

*[---] SA*

*[---] NO*

*[---] M*

*[---]*

(d) *O Camiño na Idade Media*

A Idade Media defínese polo camiño medieval ó seu paso polo Cotón. Iso si, a arquitectura do actual pazo de Cotón é maiormente do século XVII-XVIII. Podería estar aproveitando algún tipo portazgo no Cotón, igual que no caso de Pontemaceira, xa que ámbalas dúas constitúen un punto estratéxico para cruzalo Barcala. Do Cotón puido ser lugar de nacemento de Afons'Eanes de Cotón que, supostamente, é de Negreira polo apelativo de orixe, Cotón. Un feito documentado pola participación de Afonso na leva de Rodrigo Gómez de Trastámara, Conde de Traba, nas campañas andaluzas de Fernando III, tomando partida na toma de Xaén (1246). Velaquí ditos versos:

*“Pero da Ponte, ou eu non vejo ben  
ou de pran essa cabeza non é  
a que vós antano, per boa fe,  
levastes quando fomos a Geen”*

A pesar do dito con anterioridade, o conxunto da poboación asentárase nas parroquias de Logrosa, Portor e Covas ; posto que, ademais dunha posible Igrexa románica, s. XII-XIII, en Portor, a Idade Moderna e Contemporánea falarán da ocupación tardía, en termos demográficos, da parroquia de Negreira.

(e) *As igrexas*

- A Igrexa de Portor posúe unha nave de planta rectangular de muros pechados apoiados en contrafortes prismáticos co engadido posterior dunha cabeceira que está rematada por un antropomorfo no capitel, posiblemente adscrito os séculos XII e comezos do XIII. A fachada e o torre pola contra datan do século XVIII no momento de que Portor era parte do priorado dos monxes bieitos de San Martiño Pinario.
- O templo de San Xián de Negreira corresponde os finais do século XVIII e sorprende pola súa sinxela fachada adornada por unha torre que remata en lanterna. O interesante deste edificio é o emprazamento que domina o núcleo urbano de Negreira polo que non descartamos a idea de que os primeiros poboadores da parroquia estiveran acó.
- A igrexa de Covas tamén destaca pola seu minimalismo agás por un pequeno detalle. A espadana está separado do edificio relixioso, enriba dun outeiro, a cen metros en dirección Norte, para que os veciños poidan escoitar mellor as campás.
- O templo de Santa Baia de Logrosa destaca pola súa discreta fachada rematada na súa parte central por un “monumental”, non garda proporcionalidade coa igrexa, campanario rematado en lanterna. Un aspecto interesante é que posúe unha base que a eleva en relación cun terreo, moi próximo a hipotético xacemento galaico-romano de Chancela. Neste recinto podemos atopar una pía bautismal que segundo Cardeso Liñares (1989) data dos séculos XI-XII.
- A capela de San Mauro ten unha estrutura en tres naves cunha fachada do século XVIII rematada pola súa espadana na parte esquerda. O aumento do núcleo urbano de Negreira propiciou que esta capela fora restando protagonismo a igrexa de San Xián de Negreira.

(f) *Os pazos*


- Pazo de Albariña, de Varela ou do Capitán, (Chancela). Este pazo é unha das casas señoriais arquetípicas da cunca do Tambre, cun brasón de pino e lanzas dos Leis. As árbores esconden un complexo arquitectónico recentemente remodelado, por exemplo, coa construción dunhas galerías. O máis interesante poida que sexa o torreón central que une os dous

edificios rectangulares, máis un pequeno edificio anexo cunha enorme cheminea na parte Norte. É posible que o torreón agache o misterio da lenda de Munia e Bernardo nuns xardíns adornados por unha pequena colección de pías da Barcala. Emporiso, o ameado da torre apunta a súa última gran etapa construtiva no século XVIII no auxe dos pazos-fortaleza. O seu primeiro dono coñecido, no século XVII, foi don Amaro López, casado con dona María del Camino.

- O Pazo de Cotón. Este complexo arquitectónico está emprazado nun lugar estratéxico: no camiño da Carreira de San Mauro, antigo Camiño Real, en dirección a ponte de Cotón. Non corta o camiño, máis ben ó acompaña cunha galería de pedra sustentada en triple arco que une a Capela de San Mauro con edificio rectangular adornado por unha torreta. Todo isto e máis o ameado expresan o espírito de fermosura das fortalezas medievais combinado coa arquitectura palaciana. Polo tanto, estamos falando dos séculos XVIII-XIX. Os brasóns, unha ducia de pedras armeiras, móstrannos a titularidade do Pazo do Cotón nos liñaxes máis sobranceiros na Idade Media de Galicia, os Mariño; unidos os Lobera e que máis tarde darán paso os seus descendentes que levarán o nome de Saavedra e/ou Luaces.

(g) O núcleo urbano

- Cárcere do Xulgado
- Casa Consistorial na rúa de San Mauro
- Casa de Francisco Leis
- Praza do Ferreiro
- Ponte Negreira
- Praza Ferreiros



A Real Orde do ano 1853 supón un novo punto de fricción entre a vertente Occidental do río Barcala e a Zona Este, onde comeza a despuntar a parroquia de Negreira. Se non é en termos demográficos e agrícolas, apenas era destacada a veiga do Cotón, falaremos do seu poder simbólico e político que inspira a Real Orde de que o Concello debería situarse na cabeza do Partido Xudicial (Negreira). As disputas continúan entre ambas parroquias ata o 1885, cando Negreira e precisamente, o Pazo de Cotón, viven corenta anos de tranquilidade. Sen embargo, coma reflexa a imaxe do 1927, o núcleo poboacional de Negreira aínda é moi modesto.

*(h) A paisaxe agraria do leite.*

A zona Este de Negreira, dedicada posiblemente máis as actividades agrarias que as de tipo gandeiro, cun incipiente e importante mercado a nivel comarcal, esperta na década dos cincuenta da man da concentración parcelaria feita en San Xán de Negreira polo primeiro Servicio de Extensión Agraria de España. A transformación da paisaxe agraria é evidente, pasamos do minifundio a concentración parcelaria orientada a creación de unidades agrícolas de maior tamaño que poidan empuxar o novo sector leiteiro. Neste proceso participaron persoeiros coma o señor Amador Troncoso que aínda recorda na actualidade a dificultades iniciais pola súa pretensión de reorientar a mentalidade dun campesiñado totalmente oposto a produción leiteira, traballo de pobres, segundo eles. Así, coma caso moi ilustrativo, Troncoso afirma que foi necesario importar as vacas de Santander porque non se atopaban moitas por estas terras.

A nova paisaxe agraria, a nova reordenación agraria que posibilitará o crecemento da produción agrícola, impulsará a creación e fortalecemento dun núcleo urbano ó servizo do campo. Un proceso acentuado no apartado industrial coa creación da Cooperativa Forrajera de Negreira (FEIRACO) vinculada a Cáritas Interparroquial no ano 1960.

### 3.3.3. Situación Patrimonial (Sp)

En conxunto a situación do Patrimonio Cultural da Zona Este é bastante preocupante. A denominado de patrimonio “invisible” desexa expresar as dificultades do seu estudo arqueolóxico rigoroso, polo que dificultará evidentemente a súa posta en valor directa, pero complementará o noso discurso histórico sobre o outro tipo de patrimonio, o “visible”. Incluso, dentro nos xacementos visibles, os castros presentan un avanzado grado de deterioro polas accións destrutivas feitas polos seus propietarios cando estes decidiron edificar nestes lugares a súa casa con piscina.

Patrimonio “invisible”	Patrimonio “visible”
A vía romana Xacemento galaico-romano O camiño medieval	Os castros As igrexas O pazos O núcleo urbano A paisaxe agraria do leite

### 3.3.4. Valoración Patrimonial (Vp)

O máis destacado, e recoñecido polos galegos, é posiblemente o restaurado Pazo do Cotón (s. XVIII-XIX). A súa monumentalidade crea unha imaxe coa cal se identifican moitos nicrarienses. Inda que tamén contamos co Pazo de Chancela dunha época posiblemente máis recente da súa orixe construtiva.

Os castros de Vilachán e Logrosa corresponden a Segunda Idade do Ferro. De especial interese resulta o de Logrosa porque as estatuas mencionadas anteriormente semellan proceder de dito castro e, ademais, polo seu privilexiado emprazamento nun outeiro na primeira liña da vertente Oriental do Tambre. O castro de Covas coma tal é moi dubidoso de apreciar na actualidade debido o seu deterioro.

O “novo” núcleo urbano de Negreira ten un grupo de edificios e lugares emblemáticos: Cárcere do Xulgado, Casa Consistorial de San Mauro, Casa de Francisco Leis, Ponte Negreira, Campo de Ferreiro. Unha especial atención merece o actual Campo da Feira posto que provén dunha feira dos veciños da parroquia xa documentada polo ano 1717 nas proximidades do Cotón.

Dentro das Igrexas destacaremos o compoñentes románicos que podemos intuír na reformada Igrexa de Portor. Non esqueceremos a Igrexa de San Xián polo seu estratéxico emprazamento para calquera explicación sobre o poboamento da zona Este, xa que podemos divisar a maioría dos elementos explicativos aquí expostos agás Portor.

### 3.3.5. Valoración del Potencial turístico (Vpt)

#### **Potencial explicativo.**

Quizáis o máis interesante sexa a recuperación da época Moderna correspondente o apoxeo dos pazos de Chancela e de Cotón e a igrexa románica de Portor. Os outros recursos patrimoniais pasarían a un segundo plano, pero permitirían construír a evolución histórica da zona.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade.**

A monumentalidade do pazo de Cotón non ten unhas notorias barreiras visuais na parte externa, pero o seu acceso a parte interior está prohibido porque é de titularidade privada. Por outra banda, o de Chancela está escondido

debaixo dun denso arboredo dunha finca privada. Tamén o castro de Logrosa é moi rechamante dende a parte Occidental do Tambre pero adoece do mesmo inconveniente ca os anteriores ademais de estar moi alterado.

O punto propicio para explicar case todo o Patrimonio Cultural da zona, e dende o cal se albiscan estes dous pazos, a excepción do castro de Logrosa e Portor, é o outeiro da igrexa de San Xián.

#### **Novidade / singularidade**

O pazos de Chancela e de Cotón constitúen un exemplo excepcional das casas señoriais da cunca do Tambre, asentadas sobre unha arquitectura palaciana influenciada nas fortalezas medievais que datan, no seu momento máis significativo, do século XVIII. Ademais, o Pazo de Cotón poida ter unha orixe Medieval vinculada a un posible portazgo da Ponte do Cotón.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga**

O conxunto patrimonial da zona Este permite a visita dun amplo número de visitantes o núcleo urbano, onde destaca o Pazo de Cotón, ou percorrendo por roteiros os outros bens patrimoniais da zona. Temos constancia dun aparcadoiro o carón deste pazo nicrariense, e non semella que exista un serio perigo de alteración para os visitantes da zona.

#### **Conservación do entorno**

O entorno bosquexa problemas medioambientais xa que estamos ante unha paisaxe moi alterada polo seu “pouco planificado” núcleo urbano e polas ramificacións de tipo industrial ou inmobiliario nas parroquias do entorno.

#### **Atractivo da zona**

Aparte de contar con un elevado número de bens patrimoniais, o acceso a eles, dende a capital do Concello, resulta moito máis doado e o mesmo tempo o visitante pode gozar dos servizos e comodidades dun núcleo urbano.

# Zona Este



Vista do emprazamento de San Xián de Negreira



Igrexa de Santa María de Portor



Detalle "románico" da igrexa de Santa María de Porto



Pazo do Cotón (Parroquia de Negreira)




Castro de de Vilachán ( Parroquia de Negreira)



Castro de Logrosa ( Parroquia de Logrosa)

## Zona Este



Aras do 22 ó 25. Depositadas no Museo do Pobo Galego.



Estatuas de Logrosa. Depositadas no Museo do Pobo Galego.



Igrexa de Santa Eulalia de Logrosa

### 3.4. O Centro de Negreira. Aro.



#### 3.4.1. Descrición.

Esta zona comprende a zona leste da parroquia de San Vicente de Aro e a totalidade dos territorios de San Fiz de Campelo, San Mamede de Zas e San Pedro de Gonte. Dende o punto de vista xeográfico destaca por ser un espazo intermedio ou de transición entre as terras baixas do val de Barcala e o Cotón e as terras altas da penechaira do Corzán.

#### 3.4.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos.

##### (a) Megalitismo

Contamos con vestixios megalíticos, dúas mámoas na parroquia de Aro entre as aldeas de Rons (parroquia de Campelo) e Aro, que se atopaban destruídas pero co recordo do seu emprazamento e folclore na memoria dos veciños do arredor, según recolle unha catalogación do Corzán nos anos 80.

##### (b) Castros

Entre os exemplos da cultura Castrexa só podemos referirnos ó Castro de Ameixeiras (Agrafoxo, 1992; Rivas, 2000) , preto da aldea do mesmo nome, na parroquia de Campelo. O emprazamento non é o máis frecuente xa que se atopa nunha zona chaira, rodeado de terras de labor e con malas condicións defensivas; namentras este tipo de xacementos ocupan outeiros para unha defensa máis sinxela. Así pois, o Castro de Ameixeiras entronca na investigación arqueolóxica con castros romanizados e de marcada orientación agrícola.

O topónimo Castrellón, correspondente a un outeiro entre as parroquias de Campelo e Gonte, denota a presenza doutro posible xacemento castrexo que estaría marcado polas boas condicións defensivas do emprazamento. Sen embargo, sería necesaria unha prospección do lugar para poder chegar a unha conclusión máis certa sobre este aspecto.

(c) *Camiño de Santiago*

Sabemos, como xa se apuntou noutros sitios (Véase apartado 3.8), que esta vía de comunicación, o tramo do Camiño de Santiago (Ferreira Priegue, 1988), foi moi transitada polo menos dende a época medieval. Na idade moderna tamén transcorre por aquí un camiño real como testemuña a existencia deste mesmo topónimo nun dos lugares da parroquia.

(d) *Arte relixiosa:*

- Igrexa parroquial de Aro: Na época moderna sabemos que Aro era a parroquia máis poboada de todas as que hoxe pertencen ó municipio de Negreira. Unha mostra material e cuantitativa desta afirmación é o carácter monumental desta Igrexa
- Igrexa parroquial de Gonte: Ten diversos elementos románicos datables no S. XII
- Igrexa parroquial de Campelo

(e) *Cruceiros*

- Aro: situado no Igrexario. Ten a representación dun Cristo crucificado no anverso e unha piedade no reverso.
- Zas: Está á beira do Camiño de Santiago. Ten a Cristo na cruz polo anverso e unha piedade no reverso.
- Gonte: hai un no adro da igrexa co cristo crucificado no anverso e unha virxe orante no reverso e outro preto deste pero no campo da festa sen ningún tipo de representación escultórica

(f) *Arquitectura contemporánea*

Respecto da arquitectura do S.XX merece a pena destacar a escola de Aro construída á iniciativa da *Unión Barcalesa de la Habana*.

(g) *Aspectos de interese etnográfico*

Dentro dos aspectos de tipo etnográfico cabe resaltar unha tradición que existe en San Pedro de Gonte con motivo da festa do patrón. Ese día os veciños levan unhas varas de madeira que pasan pola imaxe de San Xurxo, depositada na igrexa parroquial, para logo tocar con elas as vacas e así quitarlle os males ou para favorecer os bos partos...

### 3.4.3. Situación Patrimonial (Sp).

Dos elementos que acabamos de describir só o patrimonio arqueolóxico, e dicir, as dúas mámoas de Aro e o Castro de Ameixeiras. No Caso do Castro o

intensivo laboreo agrícola xa dende antigo fai que só se conserven o topónimo e unha parte dos parapetos defensivos.

As mámoas, aínda que non teñan ningunha afección grave, si están nunha situación de abandono total e comidas polos toxos.

O resto do patrimonio desta zona non corre aparentemente ningún tipo de perigo nin sofre ningunha afección relevante. O mesmo podemos dicir do ritual relacionado co San Xurxo, que parece aínda gozar de vitalidade.

#### 3.4.4. Valoración Patrimonial (Vp).

Dende esta perspectiva o patrimonio da zona centro non ten un destacado valor patrimonial que o diferencie doutros ámbitos de concello nicrariense ou dende a perspectiva do patrimonial galego. Os bens que gozan dun maior valor serían sobre todo a igrexa de Gonte, e a monumental igrexa de Aro.

#### 3.4.5. Valoración do Potencial Turístico (Vpt).

##### **Potencial explicativo.**

Non temos nesta zona demasiados elementos, que tanto por si sós como en conxunto, contribúan a xerar un discurso explicativo amplo. Nesto inflúe a pouca variedade de recursos patrimoniais.

A creación deste discurso explicativo debería ir combinado con elementos que collamos noutras zonas como por exemplo o eixo vertebrador do camiño de Santiago, relacionándoo tamén coa existencia dun camiño real do que se conserva aínda o topónimo nesta área. Isto tamén se pode poñer en relación cos elementos artísticos que se observan na igrexa de San Pedro de Gonte, tomando o románico como un estilo que se difunde a través do Camiño e que, en Negreira, atopamos noutros exemplos como a igrexa parroquial de Portor.

Outros elementos que se poden tomar como referencia son o feito de que, durante a Idade Moderna, Aro foi a parroquia do actual Concello de Negreira máis poboada, algo que se reflicte bastante ben nas dimensións da súa igrexa parroquial. Máis tarde coa creación dos concellos en 1833 foi capital municipal en diversas ocasións ata que perdeu esa categoría en favor de Negreira.

##### **Perceptibilidade / Monumentalidade.**

Non hai unha perceptibilidade especial nesta zona, tódolos e cada un dos elementos non presentan características individuais que os fagan sobranceiros respecto ós doutras zonas. A análise debería facerse en conxunto, a través dunha explicación axeitada á historia e artellamento da zona, facendo referencia a diversos elementos patrimoniais presentes.

##### **Novidade / singularidade.**

Non temos elementos que sexan particularmente significativos dentro do patrimonio cultural desta zona. A excepción podería ser a Igrexa parroquial de Gonte na que se unen un interesante aspecto artístico coa realización dun peculiar ritual relacionado coa curación dos animais de traballo.

### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga.**

Non hai bens patrimoniais que se poidan, en principio, ver afectados pola afluencia de visitantes.

### **Conservación do entorno**

O entorno desta zona correspóndese coa tónica que vimos apuntando para case toda Negreira. Trátase dun espazo onde subsisten trazas propias dunha economía agraria tradicional con outras relacionadas cunha explotación do agro máis orientada ó mercado.

As repoboacións forestais e a mecanización do traballo no campo, as concentracións parcelarias, e as explotacións gandeiras mudaron completamente a vella paisaxe produtiva, da que non temos exemplos senlleiros nesta área.

Noutra orde de cousas os principais elementos patrimoniais están situados en espazos que seguen a ser utilizados e polo tanto teñen a súa importancia para os veciños. A excepción é o das mámoas antes mencionadas, que se emprazan nun lugar marxinal e fora dos usos habituais da xente que habita esta zona e en principio non serían perceptibles facilmente. A cualificación de entorno marxinal podería por tanto incidir negativamente na conservación destes bens.

### **Atractivo da zona**

Non resulta unha zona especialmente atractiva nin dende o punto de vista paisaxístico nin do patrimonio.

### 3.5. O Val de Barcala. Norte de Negreira.



#### 3.5.1. Descrición.

A zona norte de Negreira está comprendida por aquelas terras que lle dan unha unidade comarcal co concello da Baña, e que aparecen reflectidas no sentimento dos nicrarienses como a pertenza á bisbarra de Barcala. Esta zona delimitouse grosso modo polas parroquias de Bugallido (na súa área leste), Landeira, A Peña e Broño

#### 3.5.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos:

Xacementos arqueolóxicos. Nesta área destacan especialmente os castros, con cinco exemplos (Agrafoxo, 1992; Rivas, 2000):

- (a) *Castro de Cornado (Cornado, parroquia de Bugallido).*
- (b) *Castroverde-Vilar de Curro (Espesedo, parroquia de Bugallido).*
- (c) *Alto dos Castros (parroquia de San Mamede da Pena).*
- (d) *Castelo de Broño (Rapote, parroquia de Broño).*
- (e) *Castro de Feáns (Feáns, parroquia de Broño).*

Todos presentan un patrón de localización bastante semellante respecto a potencialidade dos recursos agropecuarios. É dicir, sitúanse nos esporóns ou coutos de pouca altura que controlan visualmente as zonas fértiles do val de Barcala, dándolle as costas ás terras altas do Corzán. Nun emprazamento que a investigación arqueolóxica actual ven definindo como propia do Ferro II, séculos IV a II a.C. , moi semellante ó das aldeas actuais só que durante esta época prehistórica non se acaba de perder a concepción defensiva dos poboados.

- (f) *Torre de Broño.*

Referida por Miramontes Castro (1981), e destruída, segundo un informante do preito Tabera-Fonseca, 10 anos antes da revolta irmandiña de 1467-69. A

situación desta torre señorial dentro da parroquia de Broño pode ter certos vizes de razón, aínda que non se conservan estruturas na actualidade, a través de topónimos como Balsa da Torre, Altamira<sup>2</sup> ou o Castelo (índa que este último topónimo sexa a priori máis esclarecedor, posiblemente sexa o menos relacionado, xa que se refire de forma máis segura ás formacións rochosas da zona norte do Corzán, ó monte “castelo”, que como popularmente se coñecen os montes coroados de pedras redondeadas, que en xeoloxía reciben o nome de batolitos). De todas formas non se pode asegurar a existencia deste xacemento ante a ausencia de estruturas que o confirmen, aínda que é preciso consideralo como hipótese para un análise a posteriori.

Dentro do mapa de xurisdicións do antigo réxime, na Idade Moderna, existía o Couto Redondo de Bugallido como unha illa xurídica dentro lo lugar de Bugallido de pertenza tributaria a un señor feudal. Na zona existen varias casas grandes pertencentes a unha nobreza baixa, que recibe o nome de fidalguía.

*(g) Casa da Torre (lugar de Bugallido, parroquia de San Pedro de Bugallido)*

De propiedade en tempos pasados á orde hospitalaria de San Xoán de Portomarín, e polo tanto seguramente relacionada coa hospedaxe dos peregrinos co Camiño de Santiago.

*(h) Casa de Broño. (Lugar de San Martiño, parroquia de Broño)*

Esta casa grande presenta as características comúns desta tipoloxía de construcións campesiñas, unha casa ou lugar de habitación, construcións adxectivas como cortes para gardalo gando e alpendres para a ferramenta, grans ou palla, ademais da súa importancia social debido a que pertencían a unha clase acomodada ou rica do campesiñado ou a sectores da baixa nobreza fidalga.

*(i) Casa de Antelo. (Antelo, parroquia de Broño).*

Casa grande situada na marxe esquerda da estrada de Negreira a Santa Comba, presenta unha casa con cercado e varias construcións adxectivas: alpendres, cortes, e unha capela. Como nota anecdótica, segundo un rumor popular, esta casa grande pertencente ó concello de Negreira, pero situada á outra marxe do río Barcala, máis en consonancia do termo municipal da Baña, foi motivo da familia da casa que perténcense a Negreira por ser unha entidade de maior “señorío” e importancia ca A Baña, quede este rumor como unha mostra humorística sen maior denostación da explicación dos límites parroquiais, aínda que fundamentos desta índole teñen validez en moitas zonas para a actual delimitación municipal de Galicia.

*(j) O patrimonio artístico.*

---

<sup>2</sup> Nobres antigos pertegueiros da mitra compostelá, cos que se disputaron o control dos tributos da zona con xacementos tan interesantes como o Castelo de Altamira en Brión.

Déixanos exemplos de varias igrexas, cruceiros, reitorais das parroquias citadas, maiormente non anteriores ó século XVIII as construcións actuais, pero que non escusan de ver como unha manifestación relixiosa é quen de articular a vida diaria e espiritual dunha comunidade.

(k) *Patrimonio etnográfico.*

Destacan os muíños como construcións protexidas pola Lei de Patrimonio de Galicia. Consérvase un topónimo bastante significativo na parroquia de Broño, o lugar de Redemuíños. Non obstante, moi posiblemente, moitos lugares destas parroquias tiveron que ir moer, ou tiveron pertenza dalgún dos muíños do río Barcala dentro do concello de A Baña, que é o curso fluvial máis importante da zona e a non moita distancia das parroquias citadas con anterioridade. Existe algún exemplo de muíño restaurado e que aínda estaría en funcionamento, como o situado na Praza do Muíño en Broño.

Outro punto importante son os hórreos, nesta zona de tipo xalleiro (todo en pedra sen labrar agás os esquinais) e barcalés (con madeira), que seguen empregándose na actualidade, xa que son curiosos ver como se adaptan morfoloxicamente a novos materiais como o cemento, menos estético pero máis barato.

### 3.5.3. Situación Patrimonial (Sp).

A situación patrimonial contempla a protección de 5 xacementos castrexos, unha posible localización dunha torre medieval, 3 casas grandes, construcións relixiosas: igrexas, cruceiros e reitorais, así como elementos patrimoniais como hórreos e muíños.

Son os castros entre todos estes elementos os que presentan un maior deterioro da súa conservación, xa nunha catalogación na década dos 90 (Agrafoxo, 1992) se sinalaba o seu mal estado, vítimas de repoboacións forestais e labouras de plantío que conlevan, e do derrubo de estruturas como parapetos e os aterrazamentos do seu interior.

Polo demais o resto de elementos patrimoniais non presentan riscos de desaparecer, esta situación só se fai plausible cos muíños, que deixan de ser útiles economicamente, pero si de transformárense parcialmente, como ocorre coa Casa grande de Broño, en estado de semiabandono algunha das súas construcións.

### 3.5.4. Valoración Patrimonial (Vp).

Hai varios elementos que poden supoñer algún fío explicativo para a zona norte do concello: a súa pertenza orográfica ó val de Barcala e a súa inserción socioeconómica tradicional con esta zona compartida co concello limítrofe de A Baña. Este fío pode retomarse para explicar diversos xacementos arqueolóxicos como os 5 castros catalogados dentro de Negreira, que adoptan unha posición

moi semellante, iso si, buscando un emprazamento máis defensivo que as aldeas actuais de cara á explotación agropecuaria do entorno.

Polo resto, o principal argumento non dista da configuración dun espazo agrario tradicional, tanto as aldeas e a súa estruturación en zonas pouco aproveitables para cultivo pero ó marxe das áreas cultivadas, e a división social coa presenza de casas grandes pertencentes a un campesiño acomodado ou a unha fidalguía, amais da estruturación de lugares e parroquias dentro da Galicia rural.

### 3.5.5. Valoración do Potencial Turístico (Vpt).

#### **Potencial explicativo.**

O eixe vertebrador de cara a explicación que constitúe o val de Barcala, como zona de val fértil para unha actividade económica agropecuaria rexistrada dende a prehistoria, na Idade do Ferro, como a través das sociedades campesiñas tradicionais.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade.**

Non hai unha perceptibilidade especial nesta zona, tódolos e cada un dos elementos non presentan características individuais que os fagan sobranceiros respecto doutras zonas. A análise debería facerse en conxunto, a través dunha explicación axeitada á historia e artellamento da zona, facendo referencia a diversos elementos patrimoniais presentes.

#### **Novidade / singularidade:**

A singularidade é máis ben escasa se o asentamos como un espazo campesiño tradicional. Toda carga de significación é a que debemos outorgar ó paso do Camiño de Santiago por esta área, que é o que dota dun contido estruturalmente distinto ó resto dos espazos agrarios galegos, e o sitúa como parte dun recorrido con significado en orixe espiritual, e hoxe en día tamén turístico.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga:**

Existe unha alta capacidade de circulación pola zona, xa que a estrada que nos leva a Muxía, coincidente co Camiño de Santiago serve de eixe para a zona, non obstante non existe apenas capacidade de carga ou recepción de público, xa que ningún dos elementos patrimoniais está hoxe en día preparado para recibir unha afluencia de público continuada e de baixa intensidade e polo tanto non sufriría na súa conservación por este motivo.

#### **Conservación do entorno:**

Actualmente o entorno non dista moito da evolución que o agro galego nos derradeiros 50 anos, cando pasa dunha incipiente mecanización de principios de século a mecanización actual pero conservando a estrutura de propiedade familiar sen industrialización, cuxas únicas bagaxes son algunhas parcelacións orientadas á explotación gandeira. Desta última transformación do agro galego hai bastantes exemplos na zona.

Como tónica xeral o entorno está formado por terras de cultivo, as máis cunha vocación de alimento para o gando, ben en forma de cultivos forraxeiros e pastos, ou para forestal, con repoboacións principalmente de piñeiros e eucaliptos.

#### **Atractivo da zona**

Zona onde podemos ver un exemplo de evolución da paisaxes agrarias e elementos etnográficos das sociedades tradicionais modificadas a través dunha reorientación económica cara unha explotación industrial do gando para lácteos, que conserva parte da disposición tradicional dos núcleos de poboación como construcións que os conforman. E podendo utilizar un discurso arqueolóxico para explicar o emprazamento de varios castros, co inconveniente de que apenas son perceptibles, ademais do Camiño de Santiago como posible forma de desprazamento e de onde se podería atraer interese polo desenvolvemento turístico da zona.

# Zona Norte



Igrexa de San Pedro de Bugallido



Cruceiro próximo a igrexa de San Pedro de Bugallido



Casa da Torre (Parroquia de Bugallido)



Detalle do interior do muiño de Broño



Castro de Feans (Parroquia de Broño)

### 3.6. Oeste de Negreira. As terras chairas do Xallas.



#### 3.6.1.Descripción:

A presente zona obxecto de estudo conxuga dúas parroquias cun devir histórico e económico máis próximo o concello de Outes ca do concello de Negreira. Alvite e Campolongo ocupan un terreo chan, entre os 400-380 m de altitude, na parte Sur da Serra que divide o Barcala. Así e todo, o seu patrimonio máis relevante está no pequeno val do río Donas que separa Campolongo do Corzán.

As malas comunicación e o seu alonxamento con Negreira capital, ben poden ser un indicativo da problemática dunha zona que paga o peaxe de estar alonxada de tódolos camiños de importancia, e por tanto, afastada dos cambios históricos. Neste senso, vale a pena reproducir unha resposta dun veciño de Campolongo cando outro lle comentou alarmado da chegada da II República: “Tranquilo, para que chegue - a República- a Campolongo, aínda vai tardar moito”.

#### 3.6.2.Entidades de interese e/ou xacementos incluídos

- Os castros
- Conxuntos etnográficos e arquitectura relixiosa

##### (a) Os castros

- Castro de Couso de Abaixo
- Castro de Castro

Os primeiros en divisar este territorio elixiron dous pequenos outeiros encravados no centro, a un e outro lado, do encaixado val que forma o río Donas froito dunha bagoada que arrinca nos 400 metros nos altos do Cerro e de Rego Furado para acabar nos 170-118 m. do dito val. A reconstrución da paisaxe da Idade do Ferro (Agrafoxo, 1992; Rivas, 2000) nesta parte do Barcala é bastante sinxela se non tivéramos en conta o problemático emprazamento do

Castro de O Castro debaixo da actual aldea . Un entorno xa moi alterado que en menor medida afecta o Castro de Couso de Abaixo. Os seu peculiares emprazamentos e a falla de escavacións arqueolóxicas imposibilitan adscribilos dunha maneira certa a unha determinada etapa da Idade do Ferro.

A fotografía do voo americano, na década dos cincuenta, calibrada coas imaxes do sixpac pode indicarnos a presenza dunha liña de parapeto na parte leste do castro de Couso de Abaixo. Xunto este dato, tamén podemos falar da aparición dun muíño circular e outro naviforme no dito castro coma consecuencia da última concentración parcelaria que outorgou o señor Xosé Maneiro a titularidade das propiedades onde se asenta o castro.

*(b) Conxuntos etnográficos e arquitectura relixiosa*

- San Tomé de Alvite
- Santa Cruz de Campolongo
- Muíños
- Hórreos

En liñas xerais estes elementos do Patrimonio Cultural non aportarían ningunha novidade significativa se non fora pola existencia dun informador de primeira magnitude para a parroquia de Campolongo. O señor Maneiro aparte de ser o propietario do castro de Couso de Abaixo, un muíño hidráulico e un hórreo tipo Xallas de cinco pasais, goza dunha memoria prodixiosa das faladurías dos seus avós e unha disposición a dar coñecer os seus coñecementos. Polo tanto, estamos ante un conxunto etnográfico vivo, de importancia substantiva.

### **3.6.3.Situación Patrimonial (Sp)**

En conxunto a situación do Patrimonio Cultural da Zona Oeste é moi preocupante. Dun castro apenas quedan restos para tal denominación (Castro) e o outro (Couso de Abaixo) padeceu dende as tarefas agrícolas na parte Norte ata un corte da posible plataforma na parte Sur co obxecto de unir por estrada Couso de Abaixo con Couso de Arriba. Por riba, observamos novas edificación adxectivas das casas próximas o castro.

### **3.6.4.Valoración Patrimonial (Vp).**

Os castros desta zona cumpren a liña argumental dos demais castros do Concello de Negreira. O seu mal estado de conservación non permite valoralos coma elementos patrimoniais valiosos para o público xeral, inda que os investigadores puideran interesarse polo interesante enclave xeográfico dos castros.

Pola contra, a valoración no eido na etnografía é positiva namentres unha persoa da valía de Xosé Maneiro nos ilustra sobre a utilidade e significación do muíño hidráulico para a comunidade.

### 3.6.5. Valoración del Potencial turístico (Vpt).

#### **Potencial explicativo**

O noso discurso soamente pode partir xenericamente da Idade do Ferro, conceptos básicos relativos os paisaxes culturais de tipo agrario, e rematar na Idade Contemporánea, cando Maneiro recupera a memoria. Non abarcaremos un amplo camiño histórico, pero si unha Idade Contemporánea moi intensa construída polas historias dos antergos de Maneiro que enlaza coas súas experiencias. É dicir, podemos presentar con moitas garantías a vida da parroquia de Campolongo dende os comezos do século XVIII ata hoxe en día.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade**

O muíño hidráulico atópase o carón do río Donas nas proximidades do castro de Couso de Abaixo. Accedemos a esta construción cruzando o río por unha pequena ponte de pedra que continúa por un sendeiro polas propiedades de Maneiro. A construción é pequena e se asenta no lugar dos antigos batáns. O tellado está renovado, as paredes recibadas e posúe de toda a maquinaria. A miúdo levan gran para moer e, de vez en cando, e coa fariña resultante preparan pratos hoxe en día en desuso.

#### **Novidade / singularidade**

En Broño teñen outro muíño en mellor estado de conservación, pero non hai referencias de ninguén que conte historias como o señor Maneiro.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga**

O reducido espazo lo lugar impide a visita de grupos máis de máis de vinte persoas.

#### **Conservación do entorno**

O entorno medioambiental de Couso de Abaixo non plantexa polo momento ningún problema.

#### **Atractivo da zona**

Non posúe un atractivo singular ca excepción de certos traballos e persoas que nos poidan servir como unha fonte de información etnográfica sobre a sociedade tradicional galega.

# A zona Oeste



Castro do Castro ( Parroquia de Campolongo)



Vista do Castro de Castro e parte do Castro de Couso de Abaixo



Vista do castro de Couso de Abaixo (Parroquia de Campolongo)



Conxunto etnográfico de Campolongo



Igrexa de Santa Cruz de Campolongo (Parroquia de Campolongo)

### 3.7. Negreira sur (Liñaio, Lueiro, Arzón, Xallas). O Tambre.



#### 3.7.1. Descrición.

Trátase esta, dunha das zonas de maior interese do concello de Negreira dada a diversidade do seu patrimonio cultural e natural.

Comprende as parroquias de San Martiño de Liñaio, Santa Baia de Lueiro, San cristovo de Arzón e San Pedro de Xallas.

Dende o punto de vista xeográfico poderíamos distinguir dous ámbitos. O primeiro relacionado coa cunca do río Tambre, na parte sur do municipio, e o segundo coas terras situadas no val conformado polo regato Xallas no oeste, afluente do Tambre. Trátase dun territorio, en liñas xerais, de grandes pendentes, en principio non aptas para unha agricultura de tipo intensivo e si máis apropiadas para a gandería. A excepción é Liñaio que presenta unha orografía bastante máis chaira e apta para as labores agrícolas. A existencia dos topónimos Liñaio, Maio pequeno e maio grande están moi probablemente falando dunha dedicación importante no pasado ós cultivos do liño e do centeo. O resto do territorio está marcado polo forte encaixamento dos vales que forman as dúas arterias fluviais principais.

#### 3.7.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos.

##### (a) *Castro de Xallas ou de Mouros*

Case non hai vestixios arqueolóxicos coñecidos, a excepción do Castro de Xallas, tamén denominado Castro de Mouros ou Castro de Agros. (Agrafoxo, 1992). Trátase dun esporón situado nun outeiro orientado cara á marxe dereita do regato Xallas (nesta zona chámase rego do Castro), xusto na beira oposta ó actual núcleo parroquial de Xallas. Pódense ver unha serie de parapetos e aterrazamentos que permiten a súa doada identificación. Actualmente pasa por ser un dos castros mellor conservados do Concello.

(b) *Época medieval*

Temos moi poucas referencias da romanización e da época medieval nesta zona, pero segundo algúns autores en Xallas de Abaixo preto do lugar do actual pazo estivo emprazada a denominada fortaleza de Xallas que aparece referenciada no preito Tavera-Fonseca (RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, 1984). Parece ser que pertenceu a un tal Alonso Suárez de Deza en tempos do bispo Berenguel de Landoira e foi coma moitas outras destruída durante o revolución irmandiña. Non obstante semella que a hipótese máis probable, como apunta Miramontes Castro (1981), é que se atope máis ó norte do Concello de Negreira e xunto ó río Xallas de desemboca en Ézaro.

Tamén hai documentación (Cardeso Liñares, 1989) que fala da existencia dun mosteiro bieito fundado no S. XII en Arzón polo conde de Traba e posteriormente baixo a xurisdición do cercano Toxosoutos. Hoxe en día, sen embargo, non quedan restos desta construción.

(c) *Arquitectura relixiosa*

Dentro da arquitectura relixiosa destacan as igrexas parroquiais de Liñao, Lueiro, Xallas, e Arzón todas elas con elementos construtivos principalmente de época moderna.

- Igrexa parroquial de Liñao: aínda que ten elementos da época baixomedieval, como a bóveda de crucería de trazas góticas conservada no presbiterio, é unha construción de época moderna fundamentalmente. No seu interior chaman a atención unhas sepulturas pertencentes á casa Reibó, datadas no 1580.
- Igrexa parroquial de Arzón: Ten unha peculiar situación xa que non se atopa no propio núcleo de Arzón, se non nas súas proximidades e apartada das casas.
- Igrexa parroquial de Lueiro: É un magnífico exemplo de arte relixiosa rural de época moderna.
- Igrexa parroquial de Xallas:
- Capela de San Xoán do Carballoso en Lueiro
- Ermida de Pontevedra dedicada á Virxe do bo suceso. Emprazada a carón de tres casas abandonadas pero en bo estado de conservación. Houbo, polo menos dende o S. XVI, un hospital de peregrinos, e era rexentado por un ermitán. Segundo Cardeso Liñares (Cardeso Liñares, 1989) o topónimo Pontevedra habería que relacionalo cunha antiga ponte vella situada nas proximidades, pola que pasaría un dos camiños de utilizados polos peregrinos do Camiño de Santiago e o hospital estaría dedicado a dar acollida ós camiñantes.

(d) *cruceiros*

- Cruceiro de Xallas: próximo á Igrexa parroquial. Conta cun pousadoiro. Ten unha representación de Cristo na cruz no anverso e dunha virxe coroada por anxos no reverso.
- Cruceiro da Salgueira (parroquia de Xallas): No núcleo do mesmo nome. Leva un Cristo crucificado no anverso e unha piedade no reverso.
- Cruceiro de Lueiro: No Adro da igrexa parroquial. Conta con un pousadoiro. Está situado encima dunha rocha. Representábase á Cristo na cruz polo anverso e á Virxe orando no reverso.

(e) *Pazos / Casas grandes*

- Casa de Reibó: Situado na aldea do mesmo nome, parroquia de Liñaio. Foi fundada por un tal Gonzalo Muñiz no S. XVI (Martínez Barbeito, 1978). Esta familia ademais construíu a capela maior da igrexa parroquial de Liñaio, así como varias tumbas que aínda se conservan no interior. Está en situación de abandono e ruína. Conserva unhas pedras armeira que foron arrendadas da construción e depositadas a carón dun valado. Son salientables a torre e cheminea.
- Pazo de Xallas: En Xallas de Abaixo, parroquia de Xallas. É unha construción bastante modificada por infortunadas restauracións recentes, que lle engadiron un muro perimetral ameado. Sen embargo, non deixa de ser unha interesante construción con capela, hoxe en día tomada polas silvas e os fentos. Dentro da capela consérvanse as pedras armeiras dos Mariño de Lobeira, os Pardiñas de Vilardefrancos, os Ulloa e os Ribadeneira (Martínez Barbeito, 1978).
- Casa reitoral de Xallas: Situada a poucos metros da igrexa parroquial. Hoxe atópase nun estado de absoluto abandono, pero aínda se aprecian os seus elementos construtivos propios da arquitectura señorial e paxega do S. XVIII e S.XIX. Forma ademais un interesante conxunto cun hórreo de tipo xalleiro que pertenceu a esta vivenda e que pasa por ser un dos de maiores dimensións de toda Negreira.

(f) *Conxuntos de interese etnográfico.*

- Lugar de Pontevedra: Este interesante conxunto está formado pola capela dedicada á Virxe do bo suceso, unha estrutura emprazada a carón do templo en situación de ruína completa que quizais foi a reitoral ou a vivenda do ermitán mencionado nas fontes, unha fonte e poza de rego, xusto detrás da capela, quizais con folclore asociado e

por último tres vivendas abandonadas e con trazas construtivas do S. XVIII ou S. XIX.

- Aldea de Maio pequeno en Liñaio: que conserva bastante ben a súa configuración tradicional con casas de labranza, algunhas delas restauradas.
- Aldea de Lobios en Lueiro: Hai un conxunto de casas de labranza en aparencia de inicios do S. XX. Unha delas coa data de construción no ano 1910. Trátase de casas de labranza propias de campesiños acomodados e a súa estrutura artículase en base a dous andares (baixo e sobrado), coa zona baixa dividida entre a cociña, onde se conservan os fornos, e as cortes e a zona superior destinada a dormitorio. O conxunto complétase con varios hórreos, unha corredeira empedrada e unha monumental fonte en excelente estado de conservación. A aldea está actualmente abandonada, pero unha das casas estase a restaurar.
- San Xoán do Carballoso en Lueiro. Neste lugar hai diversos elementos construtivos de interese, destacando entre eles a ermida. Detrás dela hai un pequeno oco ou cova de forma semicircular onde se gardaban as ovellas e cabritos que se subhastaban no día do Santo e unha especie de palco onde se realizaba a subhasta. Sobre todo hai que falar da fonte milagreira construída no 1775, segundo testemuña unha inscrición ubicada nesta estrutura. A auga da fonte cura as espunllas e as enfermidades da pel. Os fieis deben mollar un pano na fonte e logo pasalo pola zona do corpo afectada. Despois cólgase nunha das árbores próximas e a medida que vai secando o devoto tamén vai curando da súa enfermidade. O ritual e devoción polo Santo seguen a ter unha grande vitalidade, como o testemuñan os centos de panos colgados que se poden ver hoxe en día.
- Entorno do pazo de Xallas: Aquí ademais do propio pazo hai un conxunto en bo estado de conservación de tres hórreos de tipo xalleiro coa súa eira para as mallas.

*(g) Arquitectura contemporánea*

- Encoro de Barrié de la Maza : Construíuse a principios de século sobre o Tambre e foi unha das primeiras obras deste tipo de Galicia.
- Escola de Liñaio, construída con financiamento dos emigrantes a América, do mesmo xeito que as de Aro ou Covas.

*(h) Elementos do patrimonio natural*

- A Ribeira do Tambre: Actualmente é un espazo protexido coa categoría de Lugar de Importancia comunitaria (LIC)

- Curso do río Corzán: As elevadas pendentes do seu curso provocan a formación de fervenzas das que as máis coñecidas son as achegadas ó lugar de Barbazán que se poden ver dende a estrada.

### 3.7.3.Situación Patrimonial (Sp).

Os bens patrimoniais descritos en xeral presentan un bo estado de conservación. A pesares incluso, de que existan conxuntos abandonados como Pontevedra ou Lobios de indubidable interese, aínda presentan condicións aceptables de conservación. En Pontevedra continúa a facerse a romaría dedicada á Virxe do Bo Suceso e en Lobios estase a restaurar algunha das vivendas, co que incluso mellorarase a situación actual.

Hai sen embargo elementos que presentan un estado de conservación moi deficiente. Estamos a falar principalmente dos exemplos de arquitectura pacega existentes nesta área. Non hai ningún nun estado mínimo de conservación. O pazo de Reibó está en completa ruína ó igual que a reitoral de Xallas. O pazo de Xallas de Abaixo parece estar habitado en parte, pero na zona que corresponde á capela hai un espeso manto de silvas que impiden o acceso e incluso a percepción visual do edificio.

### 3.7.4.Valoración Patrimonial (Vp).

Os bens patrimoniais máis importantes desta zona son, como xa viñemos dicindo, Pontevedra (tanto o núcleo como a ermida), Lobios e o Carbaloso. Elementos todos eles suficientemente interesantes por si sós. De todas maneiras o valor máis importante dende o punto de vista patrimonial é esa confluencia de paisaxe agraria tradicional, relativamente ben conservada, no que se insiren elementos singulares (Santuarios, asentamentos, arquitectura relixiosa e civil...) integrado, todo isto, nun espazo natural de alto valor ecolóxico.

### 3.7.5.Valoración do Potencial Turístico (Vpt).

#### **Potencial explicativo.**

O potencial dos elementos desta zona é enorme. A variedade de recursos e a singularidade de moitos deles permiten a posibilidade de artellar varios discursos explicativos diferentes.

Un deles podería ser a evolución da poboación no espazo ó longo do tempo dende a idade do ferro (cultura castrexa) ata hoxe en día. Por exemplo, a existencia dun castro ben conservado en Xallas, de varias aldeas que destacan por gardar a súa configuración tradicional permítenos entender dunha maneira gráfica como o home traballou e se aproveitou do medio nas distintas épocas históricas. Temos tamén importantes referentes relixiosos, como Pontevedra, San Xoán do Carbaloso, ou calquera das igrexas parroquiais, que nos falan de como o elemento simbólico e espiritual encaixa na visión que ten unha determinada sociedade do mundo. Os pazos, tamén como a manifestación

construtiva dun poder fáctico que foi a fidalguía e que caracterizou e marcou ó agro galego durante case toda e época moderna e que seguen a estar presentes na nosa paisaxe.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade.**

Non destacan os recursos desta zona pola súa monumentalidade ou visibilidade. Os que poderían ser máis destacables neste sentido como os pazos descritos atópanse relativamente abandonados (Xallas) ou en estado de ruína completa (Reibó). Precisarían dunha restauración e acondicionamento para que recuperen este valor.

As aldeas de Lobios e Pontevedra tampouco son un conxunto que resulte especialmente perceptible, a non ser que un sexa estudoso da etnografía. Necesitan por tanto ser explicados para que o público poida entendela e valoralos.

#### **Novidade / singularidade.**

A singularidade si é un valor destacable tanto si observamos a zona como atendendo a determinados bens patrimoniais en particular.

No que se refire á zona hai que destacar a especial conxunción entre unha paisaxe rural tradicional ben conservada con asentamentos de grande interese etnográfico e elementos de indubidable interese natural como é o caso do curso do Tambre e os seus afluentes.

Dentro dos elementos de patrimonio en concreto merecen destacar pola súa singularidade os núcleos de Lobios, Pontevedra e o Santuario de San Xoán do Carballoso.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga.**

En principio non hai bens susceptibles de ser danados ou afectados negativamente pola afluencia de visitantes. Neste caso a excepción son os entornos naturais do Tambre e afluentes, nos que un desprazamento masivo de público podería afectar ó equilibrio dos seus ecosistemas.

#### **Conservación do entorno**

Como dixemos anteriormente un dos principais valores desta zona é a boa conservación do entorno agrario tradicional. Probablemente debido á que a maioría das parroquias (especialmente Lueiro e Xallas) quedaron illadas parte dos procesos de mecanización e modernización do campo.

De tódolos xeitos esta visión cambia se analizamos determinados recursos do patrimonio de xeito individualizado. Exemplos como o Castro de Xallas ou os pazos de Reibó e Xallas de Abaixo están nun completo estado de abandono, co seu entorno inmediato degradado e absolutamente inaccesibles para o público en xeral

#### **Atractivo da zona**

A confluencia de tódolos elementos apuntados anteriormente fan desta zona un espazo especialmente atractivo para a súa posta en valor

# Zona Sur



Castro de Ameixeiras



Capela de Pontevedra (Parroquia de Liñaio)



Fonte e poza de rego en Pontevedra



Conxunto etnográfico de Lobio  
(Parroquia de Lueiro)



Fonte en Lobios (Lueiro)



Igrexa de Santa  
Eulalia de Lueiro



Vista do Val do Xallas dende San Xoán  
de Carbaloso

# Zona Sur



Pazo de Xallas



Rectoral de Xallas



Conxunto etnográfico no entorno do pazo de Xallas



Cruceiro de Arzón



Capela de San Xoán de Carballoso



Fonte de San Xoán do Carballoso (Lueiro)

### 3.8. O Camiño de Santiago en Negreira.



#### 3.8.1. Descrición.

Por Negreira descorre o tramo final do camiño de Santiago, aquel que nos leva a Muxía e ó “Finis Terrae” romano. O principal motivo de individualizar ó Camiño como zona, pese a non supoñer máis ca unha estrutura viaria longa en quilometraxe supón moi pouca área de superficie, é a grande capacidade de artellamento non só territorios a nivel de vía de comunicación, senón de mentalidades, como ó longo do tempo, dende a Idade Media ven ocorrendo, e hoxe en día continúa a través da peregrinaxe a Compostela.

O Camiño de Santiago aproveita xeograficamente unha encrucillada de vieiros aproveitando os vales do río Barcala (río que aproveita a Depresión Meridiana, formación orográfica que vai dende Carballo, pasando polo val da Mahía, Caldas, Pontevedra, Enseada de San Simón, Porriño e Tui e que artella unha vía de circulación) e o Tambre, ademais do paso natural dende a comarca santiaguesa cara a Costa da Morte.

A morfoloxía do relevo do Camiño sitúase dentro do municipio de Negreira, na media ladeira do val de Barcala, percorrendo paralelo ó cauce do Barcala e bordeando as terras altas que, aínda que non supoñen un cordal de grande altitude, pertencen á penechira do Corzán, ata que se adentra a través da divisoria de augas entre o Tambre e o Xallas na zona chá de Mazaricos. Non obstante foi preciso salvar dous obstáculos importantes ó pouco de entrar no termo municipal nicrariense, referímonos a dous ríos o Tambre e o Barcala, salvados respectivamente pola Pontemaceira, e a ponte do Cotón. Atravesa as parroquias de Portor, Logrosa, Negreira, Zás, Aro, Broño, A Peña, Landeira, e Bugallido.

O Camiño de Santiago atópase protexido pola Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago. Realmente non podemos atribuír todo este trazado a un momento en concreto, xa que veu sufrindo remodelacións sobre un vieiro primitivo, que hoxe en día son difíciles de distinguir en moitas ocasións. Non obstante actualmente atópase definido sobre aqueles tramos anteriores e as estradas actuais que alteraron definitivamente parte destas. Pero podemos

coñecer o seu trazado a través de documentación escrita, e diversas construcións viarias, tendo unha orixe que polo menos nos remonta á Idade Media (Ferreira, 1988) onde sitúa unha vía dende Santiago que iría pola Pontemaceira, Cotón, Aro, San Mamede de A Pena, Piaxé, Marcelle e Vilaserío, e que en parte podería aproveitar algún camiño romano pola situación dun xacemento desta adscrición cronolóxica no lugar de Chancela, parroquia de Logrosa, que non se atopa inventariado na catalogación do concello (Rivas, 2000) pero da que si nos consta documentación escrita (Chamoso, 1953) e varias aras depositadas no Museo do Pobo Galego (Pereira, 1991).

### 3.8.2. Entidades de interese e/ou xacementos incluídos.

Como xa mencionamos o Camiño de Santiago atópase protexido como tal, aínda que percorre, e a carón del se sitúan elementos patrimoniais de grande interese, non vamos a valorar individualmente cada un, senón relacionándoo cas posibilidades de explicación que se ofrecen se empregamos o Camiño como fío explicativo.

De facermos un seguimento dende a entrada no concello, o Camiño percorre pola Pontemaceira, núcleo habitacional separado polo río Tambre e administrativamente polos concellos de Ames e Negreira, pasa por unha ponte de orixe medieval, posiblemente séculos XIII ou XIV, de varios arcos, sendo o central apuntado. Lugar que posiblemente medre amparado tanto polo Camiño de Santiago polo que supón a ponte para cruza-lo río, e onde non é desnortado presupoñer a existencia dalgún portazgo que gravase o tránsito de mercadorías por este lugar na Idade Media e Contemporánea. Moi preto, mais xa non nas lindes do Camiño é a igrexa parroquial de Portor, de estilo románico, e expoñente eclesiástico único conservado xunto a igrexa de Gonte da Idade Media no concello.

Outro punto importante é o que supón o seu paso polo Cotón, tamén con reminiscencias medievais e suposto lugar de orixe de Afons'Eanes do Cotón (Gaspar, 1995). E a través do cal se artellou a actual vila de Negreira, sobre todo polo mercado do pazo, e que serva como exemplo a situación da igrexa parroquial na outra marxe do río Barcala. Resulta rechamante observar como o camiño pasa xustamente entre os postos do mercado vello e baixo o arco que une o pazo coa capela.

Posteriormente cruza a ponte do Cotón, e pouco máis adiante existe un pequeno desvío que nos leva a un aloxamento para peregrinos construído a raíz da posta en valor dos Camiños de Santiago dentro do lugar de Negreiroa.

Como dato a sinalar o Camiño pasa ó pé do castro de Feáns. (lugar de Feáns, parroquia de Broño). Pero andado un tramo existen interesantes topónimos relacionados coa vía de peregrinación a Fisterra, son os dos núcleos de *Camiño Real* (San Vicente de Aro), que como o seu nome indica é o lugar de paso dun camiño real na Idade Moderna (estruturas viarias precedentes das estradas e acondicionadas polo estado). E tamén un nome moi suxerinte, *Portocamiño* (San Mamede da Pena), relacionado co camiño e tamén ó igual

que Pontemaceira un porto, topónimo xeralmente referido a un lugar de portazgo para o gravame do paso de mercadorías, aínda que debemos confesar que é unha hipótese esta última bastante arriscada pero non improbable.

Como punto final non debemos esquecer a existencia da Casa da Torre de Bugallido, casa grande brasonada que na documentación antiga aparece como propiedade da orde hospitalaria de San Xoán de Portomarín, vinculada especialmente co Camiño de Santiago, e que pode estar indicando algunha posta, pousada ou hospital de peregrinos do Camiño Fisterrá.

### **3.8.3.Situación Patrimonial (Sp).**

O Camiño de Santiago nos seus diversos trazados atópase recoñecido como o primeiro itinerario cultural europeo, agromando xa dende o século IX da Idade Media, así se recolle na declaración da UNESCO do 11 de decembro 1993 como Patrimonio Universal da Humanidade, e se protexe a través dunha Lei de Protección dos Camiños de Santiago, Lei 3/1996 do 10 de maio, do Parlamento de Galicia. Neste marco legislativo a protección do Camiño de Santiago está totalmente garantida.

### **3.8.4.Valoración Patrimonial (Vp).**

Imos referirnos os diferentes tramos do Camiño fisterrán e a súa conservación durante o seu percorrido polo concello de Negreira. En primeiro lugar sinalar que a maior parte do Camiño vai parello á estrada de Negreira a Muxía, polo que se atopa asfaltado e pertence á rede de estradas, que aproveita un camiño real da Idade Moderna. Non obstante existen pequenos tramos que se desvían por vieiros tradicionais perante algúns metros, por tramos mal asfaltados ou camiños sen asfaltar e empedrados, que constitúen a rede de camiños tradicionais que ó longo dos anos se viñeron conformando. Mais non debemos esquecer que existen puntos concretos, Pontemaceira, O Cotón, Portocamiño, Camiño Real, Bugallido que insinúan lugares de paso anteriores e que testemuñan con seguridade o paso do Camiño por estes lugares, aínda que non se conserven tramos medievais (fóra da Pontemaceira, se ben o empedrado actual é posterior).

### **3.8.5.Valoración do Potencial Turístico (Vpt).**

#### **Potencial explicativo.**

O Camiño de Santiago ofrece múltiples posibilidades respecto á hora de abordalo tanto temporal como espacialmente. Xa dentro dun marco xeral coma un dos tres grandes centros de peregrinación da cristiandade, xunto con Xerusalén e Roma. Como vertebrador cultural, non é máis que observar os exemplos de igrexas e catedrais románicas e estilos arquitectónicos, e como vieiro para a mentalidade relixiosa. Se nos centramos ó Camiño Fisterrá, a súa vinculación, coma ese segundo final de Camiño, e a tradición da cuncha da

vieira como a demostración palpable da peregrinación, entre outras das moitas simboloxías do Camiño. Unha mostra é a queima das roupas vellas usadas na peregrinaxe, como expiatorio e ofrenda do acto sacro que se acaba de realizar, común tanto á catedral compostelán como ó cabo fisterrán.

Non son máis ca uns poucos exemplos, os que se pode unir toda a tradición xacobeá da descuberta do apóstolo. O primeiro libro de peregrinacións, que establece as etapas do camiño francés xa na Idade Media. Obras musicais pertencentes a esta época. Toda a imaxinería relacionada con Santiago e construcións como hospitais para peregrinos. Como se ve, o potencial é amplo e variado, neste punto de vista é un punto forte a ter en conta, e que pode ser completado a nivel local con exemplos de elementos de Negreira, como poden ser Pontemaceira, O Cotón, varios topónimos que fan referencia ó camiño como Camiño Real e Portocamiño, e a Casa Torre de Bugallido, de pertenza a unha orde hospitalaria e que é posible incluíla como parte das construcións asistenciais, eclesiásticas e nobiliarias das que se vai fornecendo o Camiño.

#### **Perceptibilidade / Monumentalidade.**

A vía en si mesma non constitúe un recurso como estrutura, o importante e a destacar é toda a variedade de construcións, núcleos de poboación e paisaxes que vai atravesando ó longo do seu recorrido. Pero onde si amosa o seu potencial é como a expresión dunha experiencia persoal do camiñante, sexa ou non relixiosa. A busca dun obxectivo, ou simplemente o lecer de coñecer xentes, paisaxes e a un mesmo.

#### **Novidade / singularidade.**

Se o comparamos co resto dos trazados do Camiño quizais perda algo de forza, xa que existen varias alternativas ademais dun punto feble que ven encauzado pode transformarse en forte e principal elemento de singularidade. Estámonos a referir que é o único vieiro que non ten destino Compostela, senón que é o seu segundo final, o Finis Terrae europeo, cargado dunha grande simboloxía e mitos dende época prehistórica.

#### **Capacidade de recepción de público / capacidade de carga.**

O actual tramo que pasa polo concello de Negreira aproveita unha estrada cunha afluencia de tráfico non moi elevada, non obstante sempre supón un perigo engadido o tránsito conxunto entre persoas e vehículos. O Camiño como estrutura non corre perigo, xa que en si está bastante alterado.

Existe un albergue de peregrinos na saída de Negreira, este albergue vese completado pola cesión no verán de certas escolas de primaria. Sería preciso na posibilidade dun segundo albergue tamén no tramo de Negreira, quizais se administrativamente fose posible xunto a Casa da Torre de Bugallido e recuperar espazos que noutrora puideron servir de aloxamento.

#### **Conservación do entorno**

A conservación é bastante desigual dependendo do tramo no que nos situemos, aínda que tras dunha ollada xeral non supón un grande problema a limpeza e mantemento do Camiño, si é unha empresa desigual e inmanexable a conservación de todo o entorno visual que se domina. Para isto é preciso

remitirnos ós planeamentos urbanísticos de cada entidade municipal que o atravesas.

### **Atractivo da zona**

A zona pola que percorre o Camiño de Santiago a Fisterra e a Muxía ten, ó seu paso por Negreira dous atractivos fundamentais. Un primeiro de tipo cultural e arquitectónico, representado por Pontemaceira, a proximidade da igrexa románica de Portor e os pazos de Chancela e o Cotón, este último co espazo do antigo mercado, que o dotan dun sentido explicativo bastante forte e entroncándose coa historia local. Un segundo de tipo paisaxístico a medida que nos imos achegando cara a zona alta do concello, onde tamén podemos establecer vínculos explicativos coas paisaxes culturais, tanto da Idade do Ferro (a cultura castrexa) como xa se mencionou ó tratarse da zona norte do concello, e a transformación da paisaxe agraria tradicional de agras cara a unha explotación gandeira de produción de leite fomentada a través das concentracións parcelarias.

# O camiño a Fisterra



O castro de Feáns nun tramo do camiño a Fisterra



Cartografía coa sinalización do Camiño a Muxía e Fisterra en Portocamiño




Entrada do Camiño en Negreira pola ponte de Pontemaceira



A parte de Pontemaceira do concello de Negreira



Camiño de Negreira, imaxe da estrada e o fondo o pazo de Cotón



Tramo do camiño medieval de Santiago a Fisterra (Ferreira, 1988)

## 4. Diagnóstico

Imos realizar neste epígrafe unha valoración conxunta do patrimonio de Negreira de forma xeral, xa que máis polo miúdo aparece reflectida no *Capítulo 3. Análise* que acabamos de comentar. É esta unha visión dende fóra, que noutros termos quer dicir, que está realizada desde o que unha persoa pode observar en Negreira, que aspectos están máis coidados, ou ó contrario, que sobresaen que noutras zonas non poidamos atopar con facilidade e que dentro do habitual pode ser destacado por supoñer unha imaxe mellor conservada de Negreira.

### 4.1. Patrimonio arqueolóxico.

Como cualificativo xeral debemos afirmar que o patrimonio arqueolóxico atópase nun mal estado de conservación. De tódolos xacementos observados, incluso aqueles máis sobranceiros a priori, e segundo obras específicas (Agrafoxo, 1992) non existe ningún que estea en boas condicións a simple vista, e incluso existen casos que precisan de certa imaxinación para persoas inexpertas para poder ser explicados á hora dunha posta en valor.

Basicamente debemos achacar tal cualificativo as accións realizadas sobre este patrimonio nos últimos tempos. Referímonos a destrución e deterioro de xacementos dende a década dos 50 con variados exemplos, que é a época a partir da cal podemos valorar esta degradación. Se ben estas afeccións puideron ter solución nalgúns casos, outras producíronse previamente a normativas e leis que determinasen graos de protección. Non obstante, son estas as situacións que debemos evitar.

#### (a) Mámoas.

O conxunto do Corzán que se amosa coma un grupo moi interesante non só dentro do concello, senón tamén a nivel comarcal, sufriu a espoliación continuada de varias mámoas, dentro das cales debemos subliñar a mámoa de Espiñaredo. Catalogada a mediados dos 80, e con interesantes gravados na cámara que constituía o dolmen interior, hoxe non poden ser observados por retirárense estas lousas para material de construción na próxima aldea de Pedralonga. Así mesmo existe memoria de certas mámoas que foron violadas en época recente pola crenza popular da existencia de tesouros, habitualmente reciben o nome de “minas”. Motivacións que debemos atribuílas como parte dun universo de crenzas e mitos moi estendidos no rural.

No estudo que acabamos de mencionar máis arriba xa se comentaba a destrución de dúas mámoas, que aparecen catalogadas pero sen restos visuais a simple vista. Esta situación pode agravarse por alteracións a nivel xeral que deberían estar vixiadas para non entrar en contradición con xacementos., como a concentración parcelaria, parques eólicos coma o do Corzán que tivo un seguimento arqueolóxico, vías de comunicación, etc..

(b) *Castros.*

Os diferentes xacementos castrexos teñen sufrido un proceso de degradación alto que alterou fundamentalmente ás súas estruturas visibles (fosos, parapetos) sen poder precisar en que grao se ven afectados no solo. Son bastante rechamantes os casos do castro de Logrosa e de Negreira, totalmente alterados pola construción de vivendas, os castros de Couso de Abaixo e Vilar a través de labores agropecuarias, ou outros exemplos onde existe unha modificación e agresión máis continuada no tempo e difícil de precisar, como por exemplo a conformación da aldea de Castro enriba dun xacemento. Do exemplo do Castro de Couso de Abaixo existe unha diferenza clara entre a fotografía aérea dos anos 50, onde se aprecia un parapeto co seu contorno claramente delimitado, á actualidade, onde ese parapeto está esmorecido e apenas conserva un desenrolo superior a 10 m de longo.

O castro de Logrosa sufriu unha evolución semellante coa construción dunha edificación dentro da croa, destruindo a configuración orixinal do xacemento, pero que contou cunha pequena oposición veciñal que debemos interpretar como un xermolo de preocupación por este tipo de patrimonio.

En liñas xerais os xacementos castrexos do concello non dispoñen de elementos visibles que poidan supoñer unha posta en valor rendible para o concello. Resultados que só poden en primeira instancia, á espera dunha análise máis pormenorizada, lograrse a través de intervencións arqueolóxicas.

(c) *Xacemento romano*

Non podemos falar de que estea alterado, podemos falar e debemos falar de que non se atopa catalogado (Rivas, 2000) nin houbo ningunha actuación para tal fin pese a que xa hai coñecemento da súa existencia a principios do século XX e hai un artigo publicado do ano 1953 que o menciona (Chamoso, 1953).

(d) *Outro tipo de xacementos.*

Non nos vamos referir a xacementos coñecidos, senón á falla da existencia de xacementos en moitas zonas do concello que se deben máis a que non se ten prospectado toda a superficie coa mesma intensidade. De feito so dispoñemos da catalogación de mámoas do Corzán e de Agrafoxo que aportan case tódolos xacementos, e que eran prospeccións dirixidas cara uns obxectivos concretos, túmulos e castros.

Como nota curiosa sinalar que non existe ningún petroglifo catalogado na actualidade.

## 4.2. Patrimonio construtivo.

Negreira é, se valoramos tódolos núcleos de poboación, unha zona de tradición rural, pero que se desenrolou a través de certas prerrogativas xudiciais

e administrativas na Idade Contemporánea, a creación dun mercado, e ó ser un cruce de camiños naturais, cara unha entidade de poboación cun claro urbanismo dinamizador do territorio. Neste senso observamos como non existen exemplos patrimoniais moi sobranceiros dentro do novo núcleo urbano de Negreira, coa salvedade do Pazo do Cotón, pero que constitúe este motor urbanizador.

(a) *Patrimonio relixioso.*

Negreira non se caracteriza por posuír un patrimonio relixioso distinto ou peculiar respecto das outras comarcas veciñas, pero si contén diversos elementos de interese que poden vincularse a ritos ou edificacións antigas que nos retrotraen ata a Idade Media. Destacamos sobre todo a igrexa de Portor, un bo exemplo do románico aínda que se atope remodelada con criterios pouco acordes ós que rexen á Restauración actualmente. Tamén a igrexa de Gonte conserva certos indicios que nos pode remontarse á Idade Media.

A maior parte das igrexas son dos séculos XVII, XVIII e XIX e conservan un estilo moi semellante. Curiosa resulta a espadana da igrexa de Covas, separada varios centos de metros da igrexa e dentro da horta da reitoral. Significativa en canto á labra da pedra é a da igrexa de Lueiro.

Os cruceiros correspóndense cronoloxicamente coas igrexas, no sentido de que non hai indicios de que poidan ser anteriores a estas construcións. Son unha boa mostra dos ritos cristiáns e da relixiosidade popular.

As reitorais, responden moi ben ós arquetipos funcionais habituais dentro da Galicia rural, tanto a horta, as cruces que a enmarcan como un espazo propiedade da igrexa, as construcións adxectivas propias e nalgún caso certos vizos de riqueza como poden ser a Reitoral de Xallas, polo seu hórreo de grandes dimensións e a súa imponente cheminea. Non nos esquezamos que os exemplos máis monumentais de hórreos de toda Galicia, Carnota, Lira e Araño pertencen ás súas respectivas casas reitorais.

(b) *Patrimonio civil.*

Destacar sobre todo os pazos e casas grandes, como os pazos do Cotón, de Chancela, a Casa da Torre de Bugallido, a Casa de Antelo, a de Broño, etc.. como mostra da existencia dunha fidalguía ou dunha clase rural acomodada que constituíu xunto a igrexa a elite social do concello durante a Idade Moderna e Contemporánea.

O problema da posta en valor destes conxuntos é que se atopan en mans privadas. Problema que non debe ser tal en primeira instancia, pois sería interesante contar co apoio destes particulares para promover certas iniciativas que poñan de relevo unha historia local de Negreira como o uso dos seus arquivos, e a posibilidade de que sexan, non todo pero si en parte, visitables para turistas.

A ponte de Pontemaceira é o outro emblema deste tipo de patrimonio no concello, unha ponte medieval con algunha construción posterior pero que non remodela a estrutura orixinal, e pola que pasa o Camiño de Santiago. Poderíase constituír, xunto co núcleo no que se asenta, nun recurso turístico bastante importante dentro de Negreira e que nunha planificación máis xeral fose compartido con Ames.

#### 4.3. Patrimonio etnográfico.

O patrimonio etnográfico é habitualmente o máis sensible do patrimonio recente, xa que é o menos monumental, o máis frecuente, o máis modesto e o que máis cedo sofre os cambios provocados pola modernidade e o abandono dos sistemas tradicionais de produción. Non por este motivo debemos esquecernos del, e si mantelo vivo como mostra dunha identidade da que partimos.

##### (a) *Elementos construtivos.*

Diversos elementos protexidos como hórreos e muíños están hoxe caendo en desuso, máis significativamente o caso dos muíños dende a chegada dos muíños eléctricos ás casas o que provocou o abandono dos hidráulicos. Este importante patrimonio apenas se atopa rexistrado en Negreira, boa mostra témola por exemplo nos mapas 1:25.000 do Instituto Cartográfico Nacional, unha comparativa dos concellos de A Baña e a de Negreira diríanos que todos os nicrarienses irían moer a este concello, xa que non hai ningún muíño rexistrado por múltiples exemplos do concello contrario. Nota anecdótica e esaxeración aparte consérvanse testemuñas destas construcións en bo estado e aínda en funcionamento, concretamente sabemos de Broño e Campolongo, e que poderían servir como ferramentas educativas das novas xeracións.

Os hórreos non parecen correr en principio tanto perigo, pese ó que poderíamos supoñer pola reestruturación económica do rural cara o gando seguen empregándose como secadoiros, e poden observarse varios exemplos realizados en cemento, o que indica que segue a ter validez nalgúns zonas do rural.

##### (b) *Ritos e crenzas.*

Mostras das crenzas populares témolas, por exemplo, no ritual dos panos de San Xoán de Carbaloso para cura-los males da pel, ou a misa que se facía tralo traslado da igrexa de Campolongo diante dunha pedra na se situaba con anterioridade como perduración dun lugar sagrado. Tamén é importante ter en consideración a visión que a comunidade local ten das entidades patrimoniais. Por exemplo, a existencia de tradicións ou lendas populares inflúe positivamente na perceptibilidade de diversos elementos patrimoniais como poden ser castros e mámoas.

Sirvan como paradigma de costumes que están a punto de desaparecer, pois xa non son transmitidas con tanta facilidade ás novas xeracións, e con cada informante que deixe de existir estamos perdendo unha parte importante do noso patrimonio non escrito, aquel que se transmite oralmente, aquel que transmite os códigos de conduta dunha sociedade, e aquel polos que se guiaron os nosos avós. Este é un patrimonio que non se pode recuperar unha vez destruído, por iso é preciso documentalo antes de que isto suceda.

## 5. Plan de execución. Protocolo de actuación (accións consecutivas).

A través deste plan de execución entramos na busca de políticas de conservación integrada, onde o patrimonio inmobile dunha comunidade poida ordenarse dentro das prioridades de desenvolvemento dunha área sen sufrir agresións, e sen supor un obstáculo para o mesmo. Neste sentido, *“As políticas de protección do patrimonio arqueolóxico deben estar sistematicamente integradas nas de agricultura e a utilización, desenrolo e planificación do solo, así como as relativas a cultura, medio ambiente e educación.”* (“Carta Internacional para a Xestión do Patrimonio Arqueolóxico” adoptada polo ICOMOS en 1990).

A integración do patrimonio dentro da planificación do solo, é un concepto non novedoso, pero si o suficientemente recente para que non sexa un comportamento aprendido ou coñecido en moitos ámbitos administrativos. En liñas xerais, a conservación do Patrimonio non debe basearse exclusivamente na aplicación de metodoloxías pola parte de especialistas, senón que é unha labor conxunta e efectiva de profesionais, investigadores, empresas, da administración pública e das persoas que integran unha comunidade.

O principal punto, é dar a coñecer o patrimonio para protexelo, e planificar así as actividades económicas e sociais pertinentes sen que se vexa alterado. Por outra vía supón un aforro de esforzo importante á administración, xa que nunha inversión puntual poden recollese unhas pautas xerais que rexan as actuacións posteriores sobre o patrimonio, e prescindir desta forma de pequenos contratemplos tanto económicos coma en tempo de execución en estudos específicos puntuais segundo as necesidades.

Un punto importante é a divulgación da lexislación vixente. O seu descoñecemento non exige do seu cumprimento. Dende este punto de vista, os bens patrimoniais non se comportan da mesma maneira, xa que o descoñecemento das obrigas de conservación implica unha agresión continua. Agora ben, son bastantes os casos contrarios onde un xacemento se destrúe por coñecemento da súa existencia para impedir un custo económico a unha actividade concreta. Este tipo de razoamentos parten de dous erros moi frecuentes: a idea xeneralizada en ambientes pouco culturizados de que desaparecido o patrimonio, desaparecido o problema, e de que o descoñecemento da agresión impide unha sanción. Estas ideas, bastante ilóxicas e inocentes, non deben ser obstáculo para a proposta de planeamentos de ordenación e compatibilización de patrimonio e desenvolvemento. Para solucionar estes problemas, a responsabilidade conxunta entre administración e particulares é esencial, a información dos xacementos e a divulgación da información xoga un papel importante dentro dunha política de conservación integral. Polo tanto, os bens patrimoniais non suporán un obstáculo ó desenvolvemento local sempre e cando o seu axeitado coñecemento permita colocalos dentro de planeamentos de desenrolo e dentro do entramado de construcións e redes viarias. Para este fin son a divulgación patrimonial e a

sensibilización das obrigas cidadáns as que xogan un papel non importante, senón imprescindible.

Toda acción debe estar regulada a través da lexislación vixente, neste caso: ESPAÑA.

- Decreto de 22 de abril de 1949, sobre protección dos castelos españois.
- Decreto 571/1963, de 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico.
- Decreto 449/1973, de 22 de febreiro, polo que se colocan baixo protección do Estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Asturias e Galicia.
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Real Decreto 1131/88, do 3 de setembro, polo que se aproba o regulamento de execución do Real Decreto legislativo 1302/86, de 28 de xuño, da Avaliación de Impacto Ambiental.
- Sentencia 17/1991, do 31 de xaneiro, do Tribunal Constitucional, recursos interpostos por Galicia, Cataluña e País Vasco contra determinados preceptos da Lei 16/1985.
- Real Decreto 64/1994, de 21 de xaneiro, polo que se modifica o R.D. 111/1986 do 10 de xaneiro, de desenrolo parcial da lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español.

GALICIA.

- Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria de Galicia.
- Resolución do 14 de maio de 1991, da Consellaría de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. Normas subsidiarias e Complementarias do planeamento urbanístico das catro provincias galegas.
- Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para declaración de Bens de Interese Cultural de Galicia, e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.
- Decreto 63/1992, do 19 de febreiro, polo que se reestrutura a composición e funcionamento das comisións do Patrimonio Histórico Galego.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 8/1995, do 8 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago.
- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 5.1. Coñecemento do patrimonio.

*Coñecemento para concienciar.* O descoñecemento significa abandono e destrución e evita o uso irresponsable da información. Neste sentido debemos ser intransixentes connosco mesmos, á hora de que toda posibilidade de coñecemento que rexeitemos, non é unha oportunidade perdida é un camiño que non podemos percorrer, e un atraso respecto dos que si emprenden eses primeiros pasos.

### 5.1.1. Catalogación.

Todo andar previo a un estudo, sexa cal sexa a súa intención, comeza pola sistematización da información, a creación dunha base de datos onde se vexa rexistrada a grandes trazas a localización e descrición pormenorizada de todo elemento patrimonial, arqueolóxico, etnolóxico, moble ou inmobile, e estado de conservación.

Actualmente dispónse dunha catalogación de bens do concello de Negreira do 27 de xaneiro de 2000. Por en só dispón de tres campos de información que non son suficientes para unha valoración patrimonial: nome do xacemento, código de xacemento e localización. Esta última bastante imprecisa, feito que pode orixinar conflitos na delimitación de xacementos que non afecten a parcelas especificadas no planeamento, cos conseguintes prexuízos para os seus propietarios. E dun documento emanado do Proxecto de Catalogación e Prospección Arqueolóxica de Galicia, pola que se cataloga o fenómeno tumular galego durante o neolítico nesta área de Negreira pero circunscrita unicamente ó Corzán, que supón un punto importante de coñecemento desta zona, pero que resalta o descoñecemento deste tipo xacementos arqueolóxicos en outras zonas do concello.

A consideración dunha catalogación como paso previo necesario a todo traballo de posta en valor, promoción turística e planificación urbanística é unha idea útil, unha ferramenta precisa e un aforro de tempo e diñeiro. Por este motivo xoga un papel importante neste informe, como paso previo a posteriores actuacións, é dicir, rutas culturais, cartelaría, conferencias, etc..

Debemos considerar a modo de exemplo unha posible ficha de catalogación, que sexa o alicerce dunha base de datos que poida ser utilizada pola administración e tamén polos particulares.

# Catalogación

## Ficha de catalogación

**Xacemento** Castro de Feáns  
**Topónimo 1** Castro de Broño  
**Topónimo 2** O Castelo  
**Topónimo 3**

**Código** 54

**Código Xunta** GA15056???

**Lugar** Feáns  
**Parroquia** San Martiño de Broño **CP**  
**Concello** Negreira **Provincia** A Coruña

**Cartografía** Cartografía do Instituto Topográfico Nacional

<b>Folla 1:50.000</b>	94	<b>Folla 1:25.000</b>	94-I	<b>Folla 1:10.000</b>	94-I-1
<b>UTM x:</b>	516753.09	<b>UTM y:</b>	4752716,53	<b>UTM z:</b>	343 m.

**Adscrición cronolóxica** Idade do Ferro

**Tipo de xacemento** Castro. Asentamento fortificado

**Accesos** Á marxe dereita da estrada de Negreira a Muxía, que coincide co Camiño de Santiago á altura do quilómetro 4,925, á altura que leva do lugar de Feáns ó de Rapote e Broño

**Emprazamento** Nun pequeno outeiro ou elevación pedregosa, dentro unha chaira que sinala o inicio da ruptura de pendente da zona alta do Corzán cara o val de Barcala.

**Descrición** Non é posible unha descrición axeitada das estruturas que o compoñen debido as alteracións e afeccións dos aterrazamentos de cultivo e as parcelacións interiores. Presenta unha forma oval cunhas dimensións aproximadas de 90x50 m. aproximadamente, nos eixes respectivos EW/N-S. Os parapetos atópanse moi esmorecidos aínda que conservan nalgún punto máis de 4 m de altura, integrados nas actuais terrazas. Non se pode precisar se se compuña dun recinto simple ou presenta varias estruturas defensivas.

**Entorno** Sitúase inmerso e rodeado de terreos de cultivo, actualmente adicados a pasto para a explotación gandeira. A superficie do castro está ocupada basicamente por repoboacións forestais de piñeiros e eucaliptos.

**Outros xacementos** A escasos metros atópase a estrada a Muxía que forma parte do Camiño de Santiago.

**Estado de conservación** Mal estado de conservación, sobre todo no que respecta ó esmorecemento dos parapetos ocasionado polos aterrazamentos para cultivos e forestal. Atópase cuberto de piñeiros e eucaliptos

**Afeccións posibles** O posible deterioro pode estar ocasionado pola repoboación forestal, xa que non é un espacio apto para cultivo.

# Catalogación

## Fotografía



Vista aérea do castro de Feáns. (SIXPAC)



Castro de Feáns dende o NW

## Mapa



## Debuxo

**Folclore** En Feáns recibe o nome de O Castelo.

**Bibliografía** AGRAFOXO PÉREZ, X. (1992): *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía e o Val do Dubra*. Sementeira: Noia.

**Autor/es ficha** xxxxxxxx

**Fecha de prospección** 07/11/2005

**Última visita** 07/11/2005

## 5.2. Divulgación do patrimonio.

*Divulgación para coñecer.* A publicación da información pretende un obxectivo fundamental, a súa divulgación. Divulgación que actúe como fornecedora dunha entidade orgullosa do pasado e presente.

Todo coñecemento investigado pero non transmitido, noutros termos, que non traspase á sociedade, sofre unha tardanza cualitativa e cuantitativamente maior que se o transmitísamos a curto prazo. Isto parece obvio, se pensamos en disciplinas como medicina e outras, pero non o é tanto, un exemplo lonxano no tempo pero claro é a tecnoloxía GPS, que comezou a desenrolarse nos anos 50 para fins militares pero só se está xeneralizando con total liberdade no século XXI, 50 anos de retardo. Outro exemplo pode ser internet.

Aínda que o dereito á información aparece como un dereito público, a divulgación personalizada dos xacementos e bens patrimoniais que aparecen dentro da propiedade privada é hoxe pouco menos ca unha utopía. Non obstante deberíase considerar que os esforzos nesta dirección, que tanto particulares como institucións e empresas coñezan os seus límites e , serían adecuados e é liña que se debería seguir.

### 5.2.1.Recolleita do patrimonio etnográfico inmaterial:

En toda Galicia o abandono do sistema de produción rural tradicional é un feito. En Negreira o inicio do cambio cara unha produción agraria orienta ó mercado



Hórreo barcalés en Xallas de Abaixo

tivo lugar a finais dos 50 cos primeiros exemplos de cooperativismo agrario e as concentracións parcelarias. O resultado foi un progresivo abandono das antigas actividades ligadas ó campo e a toda unha serie de manifestacións de cultura material e construída, relacionadas co agro. Estamos falando de manifestacións como

os tradicionais muíños hidráulicos, os hórreos, as eiras, alvarizas, lavadoiros, pendellos, pesqueiras...

Xunto con este patrimonio de natureza material temos tamén outro inmaterial, relacionado co mundo mental ou simbólico deste mundo rural xa case desaparecido, pero aínda presente en moitos aspectos. Trátase de costumes, lendas, contos, festas, rituais ou crenzas..., moito máis fráxiles posto que sobreviven só na mente da xente de maior idade e desaparecerán unha vez morran estas persoas.

Imponse, polo tanto, a necesidade urxente de recoller todo ese rico e diverso patrimonio. A estratexia que propoñemos para levar a cabo esta tarefa é a través da **colaboración con colexios e institutos**.

O traballo estará coordinado polos profesores e partirá dunha charla inicial ofrecida ós alumnos na que se falará do patrimonio etnográfico do municipio. A continuación encargaráselles que recollan entre os seus familiares aquelas manifestacións de cultura inmaterial que coñezan, e se lles dará unhas pautas de maneira que a recolleita sexa o máis rigorosa e uniforme posible (nome dos informantes, idade, ámbito territorial do elemento recollido).



Ritual dos panos na fonte da San Xoán do Carballoso  
(Lueiro)

Os obxectivos desta estratexia son os seguintes:

- Fomentar o coñecemento dun patrimonio descoñecido entre a poboación máis novo.
- Evitar a desaparición deste patrimonio mediante a súa documentación e posterior divulgación
- Axudar ó acercamento entre dúas xeracións de persoas como son os nosos xoves e os seus maiores.

Os resultados da recolleita serán publicados na páxina web do Concello para coñecemento de todo o público en xeral, e plantexarase a posibilidade de que poidan ser publicados tamén en formato libro.

### 5.2.2.Exposición fotográfica. “Negreira. A memoria en imaxes”.

Unha exposición fotográfica pode unir varios puntos en común que a fagan atractiva de cara o público, agora ben, a intención dunha mostra deste tipo necesita dunha temática común que poida suscitar unha posteriori rendibilidade, tanto social como científica.

- Interese dun momento de lecer e distracción.
- Recordar ou coñecer os tempos nos que se desenrolaba a vida nos tempos pasados.
- A participación a través da aportación de imaxes á propia exposición.
- Un material didáctico.
- Un patrimonio inmaterial, que poida ser rendibilizado a través da súa divulgación e/ou publicación, por exemplo: unha páxina web.



Imaxe do núcleo de Negreira, artellado a través do Camiño de Santiago, tamén Camiño Real, e o pazo do Cotón ó fondo.

Neste caso a proposta de “*Negreira. A memoria en imaxes*” busca unha unidade tras daquelas fotografías tanto de lugares emblemáticos do concello, fotografías de lugares ou casas, actividades económicas como a agricultura gandería, diversos actos sociais como festas, romarías, persoeiros relevantes, fotos de estudio de modas da época tanto peiteados, como vestimentas, etc..


Unha forma de entender a evolución nicrariense durante o século XX e educar ás novas xeracións ensinando os valores e alicerces da sociedade actual é a visual. A resposta dunha persoa ante unha explicación, é considerablemente menor que se a acompañamos dunha imaxe que poida permanecer na retina do espectador. Neste senso, e tamén a nivel xeral, debemos coidar que unha imaxe a podemos memorizar non só visualmente, senón tamén auditivamente, equiparar os recordos coa memoria.

Unha das premisas, para que poida desenrolarse unha iniciativa desta índole, é a necesidade dun espazo expositivo axeitado. Este pode encamiñarse e orientarse a un público xeral, para o que se necesitaría un área expositiva adecuada e que sexa un lugar recoñecido e onde se poidan promover iniciativas deste estilo, como ben poden ser as Casas de Cultura. Un foro interesante sería a publicación de diversas fotografías dentro da páxina web do concello, que resulten ilustrativas do sentir e tradicións de Negreira. Outras posibilidades son encamiñalo cara un público en concreto, por exemplo, as escolas e centros de ensinanza secundaria.

### **5.2.3. Charla sobre Patrimonio Arqueolóxico en Negreira: Divulgar para conservar.**

Perséguese un dobre obxectivo ó realizar unha charla sobre prehistoria e arqueoloxía nos centros de ensinanza primaria e/ou secundaria. Mediante a achega do patrimonio arqueolóxico do concello ós seus futuros herdeiros e responsables, o traballo dos especialistas cobra sentido ó reverter na sociedade dotándoa de perspectiva e facéndoa máis libre. Por outro lado, mediante a sensibilización e a difusión, o patrimonio ten máis posibilidades de non sufrir agresións e de ser máis respectado.

Propoñemos tres esferas de traballo:



Para poder comprender e valorar a significación e importancia do patrimonio partimos dunha reflexión sobre o uso que damos ó pasado, a utilidade do seu estudio, cómo abordamos ese reto e as súas consecuencias. Desta forma chegamos a preguntarnos ¿que é a arqueoloxía e que estuda?. Como resposta exporase unha definición da disciplina e se explicarán, acompañados de abundante material gráfico, unha serie de conceptos básicos que permitan unha achega ó patrimonio do concello.

### 5.3. Posta en valor do patrimonio e promoción turística do patrimonio.

*Posta en valor para preservar.* A posta en valor, dende a nosa óptica , é conseguir que os elementos do patrimonio cultural sexan valorados e apreciados pola sociedade que os detente. Así, a principal estratexia de posta en valor é, segundo vimos ata o de agora, a divulgación. Este labor ten que comezar pola propia comunidade local pero ten un importante punto de apoio no público visitante.

Un exemplo do que acabamos de dicir témolo no Camiño de Santiago, que atravesa o municipio na súa variante de Santiago a Fisterra e Muxía. A creación deste itinerario, xunto coa súa sinalización e promoción a través de diferentes medios fixo que unha parte importante do seu patrimonio fose coñecido e valorado polo público en xeral e freou, en moitos casos, o deterioro irreversible deses bens patrimoniais. A consecuencia foi unha clara rendibilidade cultural e tamén, dende logo, económica, posto que permitiu a entrada, aínda que tanxencial, de Negreira e outros ámbitos dentro dos circuítos turísticos.

Negreira non é un territorio de clara vocación turística, ó contrario. É a industria agrogandeira a que ocupa un maior espazo dentro das actividades

produtivas, xunto cos servizos e o sector da construción. Pero si se trata dun territorio polo que pasan e sobre todo pernoctan numerosos peregrinos que deciden realizar a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra ou Muxía. É, por tanto, un lugar de tránsito obrigado, un dos primeiros puntos de parada e hai que promover esta sinerxia de cara á promoción e aproveitamento turístico do municipio.

### 5.3.1. Creación dunha imaxe de marca

A situación de partida é dunha case total ausencia de accións e actividades de promoción turística no Concello. Evidentemente temos que ser conscientes do lugar no que nos atopamos. Negreira non pode estar ó nivel doutras zonas de Galicia como as Rías Baixas, a propia cidade de Santiago ou a Ribeira Sacra. Non ten as posibilidades de promoción destas zonas nin a infraestrutura necesaria para acoller a un alto volume de visitantes.

Pola contra si ten varios elementos positivos que poden marcar a pauta da súa promoción turística. Está moi preto de Santiago de Compostela, un dos principais destinos de turismo cultural europeos, e por ela transcorre o Camiño de Santiago, como dixemos anteriormente.

Tomando estes datos como referencia, é necesaria unha estratexia para que aumente a visibilidade de Negreira. Os lugares de promoción deben ser prioritariamente Santiago, promovendo unha alternativa complementaria á visita da cidade histórica, e por outro lado o albergue de peregrinos de Negreira aproveitando un fluxo de persoas que xa existe.

Estas accións de visibilidade implican tamén a creación dunha imaxe de marca que identifique a Negreira e a vincule cos elementos do patrimonio cultural e natural máis destacados. As accións que propoñemos son as seguintes:

- Deseño dun **logo** para ser incluído dentro do material promocional (folletos, carteis, páxina web...)
- Creación dun lema promocional: O que provisionalmente propoñemos e que tamén se incluírá no material promocional será: **Negreira, entre o Tambre e o Camiño**. Así tomamos como referencia os dous elementos vertebradores máis importantes do territorio e ó mesmo tempo os máis coñecidos. Efectivamente o Tambre é un importante elemento natural que configura o límite sur do Concello e o Camiño de Santiago como unha importante vía de comunicación, utilizada dende polo menos a Idade Media ata a actualidade, en relación cun dos principais centros de peregrinaxe da cristiandade.

### 5.3.2. Edición de vídeo de promoción turística.

Un dos primeiros aspectos de interese que consideramos importantes para a promoción turístico – cultural do municipio é a realización dun audiovisual con imaxes do patrimonio nicrariense. Debe ser relativamente breve para non

saturar ós potenciais visitantes (2 0 3 minutos como máximo) e estará acompañado por música de fondo. Será accesible principalmente na páxina web do Concello e no albergue de peregrinos onde cabe ademais a posibilidade da súa comercialización.

### 5.3.3.Deseño de folletería e cartografía turística.

Outro elemento importante xa non só para a promoción turística do municipio, se non tamén como elemento informativo imprescindible para o coñecemento do patrimonio cultural e natural é a existencia dunha adecuada cartografía e folletería turística.

En primeiro lugar, é necesario ter mapas onde aparezan os diferentes elementos patrimoniais, xunto cos accesos e principais vías de comunicación , de xeito que os potenciais visitantes poidan acceder e coñecer os diferentes recursos.

Ó mesmo tempo faise imprescindible o deseño e difusión de folletería onde se fale dos elementos máis destacados do patrimonio cultural e natural de Negreira. Os elementos que creemos necesarios neste sentido son:

- Un **tríptico** con información xenérica sobre os recursos do municipio.
- Un **folleto** dunhas 10 páxinas con información máis detallada sobre os diferentes recursos.

Tanto o folleto como o tríptico se organizaranse da seguinte maneira.

1. Portada con fotografía dun elemento significativo do patrimonio, título, lema promocional e logo do concello.
2. Interior con texto informativo e explicativo de cada un dos elementos patrimoniais, xunto con fotografías ou debuxos de cada uno de eles.
3. Mapa turístico con cada un dos recursos anteriormente referenciados, situados correctamente no espazo.
4. Referencia dos servizos, con número de teléfono e dirección, ós que se poden acceder en Negreira. Falamos de hostalería, restauración, farmacias, policía local...

Un **folleto**, tamén sobre 10 páxinas, onde se describan as diferentes rutas culturais e de sendeirismo do territorio de Negreira. A organización será a seguinte:

1. Portada con fotografía dun elemento significativo do patrimonio, título, lema promocional, logo del Concello.
2. Interior con texto informativo e explicativo de cada unha das rutas, xunto con fotografías ou debuxos dos elementos destacados. Especificarase tamén a distancia dos itinerarios, o tempo estimado

de realización a pé ou en vehículo e a representación gráfica do perfil del recorrido.

3. Mapa onde aparezan referenciados os percorridos de cada un dos itinerarios.
4. Referencia dos servizos, con número de teléfono e dirección, ós que se poden acceder en Negreira. Falamos de hostalería, restauración, farmacias, policía local...

#### 5.3.4. Rutas culturais

A realización de rutas culturais deséñase en base ó establecemento duns percorridos lóxicos para a mellor e máis fácil comprensión do patrimonio cultural del concello de Negreira. Concibimos este aspecto non só como un elemento de promoción se non tamén de divulgación dirixido tanto ó público visitante de fóra do territorio municipal como ós propios negreiros. Do mesmo xeito consideramos que esta é unha estratexia bastante adecuada e non moi custosa de protexer o patrimonio. Se partimos da base de que non se pode protexer o que non se coñece, a creación de roteiros permite conservar a través do coñecemento e a concienciación. Todo iso complementado cos folletos, trípticos, mapas e tamén unha adecuada sinalización dos recursos.

De cara a creación de roteiros atractivos e ó mesmo tempo didácticos propoñemos como fío condutor e estratexia de comunicación, a descrición de **paisaxes culturais**. A metáfora que pode definir o concepto de paisaxe cultural é considerar o territorio como unha folla na que se superpoñen distintos textos que podemos ler cos adecuados métodos interpretativos. Efectivamente cada momento históricos as sociedades artellaron diferentes maneiras de estar no espazo, que se poden observar actualmente no territorio. Deste xeito podemos ter, por exemplo, unha paisaxe megalítica, unha paisaxe da Idade do ferro (cultura castrexa), ou unha paisaxe das agras propia da sociedade rural tradicional galega. Cada un dos elementos patrimoniais singulares (castro, mámoa, muíño, hórreo, pazo...) enténdense só en relación coa sociedade que os creou e a súa función e situación no espazo correspóndese co seu propio patrón de racionalidade.

Sen embargo non debemos entender que cada roteiro se vai corresponder cunha determinada paisaxe cultural. Ó contrario, os itinerarios propostos de ben ser o máis variados posibles, sen prexuízo de que teñan certa unidade temática, e cada elemento do patrimonio debe ser explicado en relación coa sociedade que o orixinou e coa súa lóxica espacial.

Sen prexuízo de que podan ser modificadas propoñemos 5 rutas polo concello de Negreira:

1. **Camiño de Santiago (16 Km aprox.):** Estamos a falar do roteiro máis coñecido de transcorre por Negreira e transitado por miles de peregrinos ó longo de todo o ano. Atravesa o Concello de SE a NW e pasa por lugares tan significativos dende o punto de vista do patrimonio cultural como Pontemaceira, o pazo do Cotón. Aproveita en grande parte un antigo camiño medieval e posteriormente camiño real. Está sinalizado e existe un folleto xenérico sobre o Camiño de Fisterra – Muxía onde aparecen referencias xenéricas ó seu paso polo Concello. De tódolos xeitos sería recomendable ampliar a información sobre os diferentes recursos e incluíla no folleto de rutas que propoñemos. Así mesmo sería interesante situar carteis explicativos nos principais lugares de referencia.

2. **Roteiro Etnográfico de Pontevedra ó San Xoán do Carballoso (10 Km aprox.):** Comeza na Aldea e Pontevedra coa súa ermida, seguimos ata Maio Pequeno, onde, como xa comentamos, hai un interesante conxunto de casas de labranza. Logo, a camiñada lévanos a Liñai e Reibó onde poderanse ver os restos do antigo pazo e baixamos cara ó encoro do Tambre. Seguimos o seu curso para ver como desemboca nel o río Corzán, que remontaremos durante un curto tramo para coller pouco despois outro camiño que nos levará a Lueiro. Dende aquí continuamos cara a aldea abandonada de Lobios onde se pode apreciar o interesante conxunto etnográfico descrito no apartado da zona sur de Negreira. O camiño levaranos posteriormente ata Arzón para visitar a igrexa e o cruceiro e baixaremos pola beira do rego de Porqueira ata a súa confluencia co Xallas. Máis tarde, comezaremos a subir ata a aldea de Forniños e dende aquí un camiño levaranos ó santuario de San Xoán do Carballoso. Este lugar, ademais do interese etnográfico que deixamos patente con anterioridade, constitúe un impresionante miradoiro dende o que se pode observar gran parte do camiño que xa fixemos e a confluencia do río Xallas co Tambre.

Como podemos ver o roteiro empeza e remata en dous interesantes santuarios e ademais permítenos ver algúns núcleos que conservan a súa orixinal configuración como aldeas tradicionais insertas nunha paisaxe agraria típica da Galicia das Agras. Todo isto combinado con lugares de alto valor paisaxístico e natural como son as ribeiras do Tambre, do rego Corzán ou do Xallas.

3. **Roteiro histórico de Pontemaceira a Negreira (6 km aprox.):** Os puntos polos que transita este roteiro son os seguintes: Pontemaceira, lugar de Portor, aldea de Piñeiro, Castro de

Logrosa, pazo de Chancela, Igrexa parroquial de Logrosa e pazo do Cotón.

O itinerario ten un especial interese xa que percorre os principais referentes do patrimonio cultural de Negreira. Pontemaceira como o máis importante conxunto histórico e etnográfico do municipio. Portor onde se conservan un dos máis destacados elementos do románico. O casto de Logrosa como o asentamento da Idade do Ferro máis monumental e no que se atoparon as estatuas sedentes. E por último os pazos de Chancela e Cotón que son os máximos representantes da arquitectura fidalga de época moderna, e zona dun importante conxunto de aras. Deste xeito o roteiro o que nos ofrece é un percorrido pola historia máis senlleira de Negreira.

4. **Roteiro de Covas ó pazo do Cotón (3 km aprox.):** Partindo dende a peculiar igrexa parroquial de Covas, que conta con un campanario exento poderemos coñecer un interesante espazo natural como é a Area recreativa de Covas, situada a carón do río Barcala. Posteriormente remontaremos ó río andando por un antigo camiño entre castiñeiros e carballos. A andaina levaranos ata as a ponte dos castros, unha antiga pontella que cruza o río Barcala e moi preto veremos un pequeno muíño (entre varios que existen) que xa non funciona e o castro de Vilachán. A Seguinte parada será a igrexa de Negreira, situada nun outeiro dende o que temos unha boa panorámica do centro urbano nicrariense. A parte final do camiño rematará no monumental pazo do Cotón.

5. **Roteiro do megalitismo polo Corzán:** Esta é unha zona de particular interese xa que se trata dun espazo excepcional para comprender a configuración do home no espazo durante o megalitismo. O feito de que a maior parte das mámoas se atopen cubertas pola vexetación impide por un lado o coñecemento exhaustivo dos megalitos, impide a visualización polo público e dificulta o artellamento de calquera acción de protección e divulgación.

Así as cousas consideramos necesario que este importante conxunto monumental poda ser visitable e accesible ó visitante . Para iso unha das principais estratexias sería o deseño dunha ruta polas principais concentracións tumulares. Non propoñemos, sen embargo, ningún percorrido concreto de momento, xa que antes é preciso facer un adecuado estudo da zona de cara a seleccionar os elementos máis adecuado e representativos.

### 5.3.5.Sinalización:

Todo xacemento ou ben patrimonial susceptible de provocar un sentimento de sorpresa ou curiosidade dentro do ser humano é o que xeralmente resulta máis interesante á hora de acondicionar para a súa visita, por un motivo esencial, potencia o turismo e o interese pola zona. Non obstante, para potenciar o patrimonio ademais da súa catalogación e publicación, é preciso, ou case máis atinadamente, é indispensable, a súa sinalización.

A sinalización debe cumprir dous requisitos fundamentais, un primeiro que mostre a información necesaria e mínima sobre o xacemento ou ben que queremos visitar (Explicar /informar), e un segundo, que se sitúe no camiño máis curto ou no seu defecto no máis sinxelo e fácil de realizar colocándose en cada desvío ou cruce (orientar).

Se un xacemento arqueolóxico ou ben patrimonial ten unha entidade suficiente por si mesmo, sería necesario a colocación dun cartel explicativo que facilitase unha información clara sobre o monumento en si. Neste caso tanto a historia da súa construción uso e abandono, como a función que posuía, utilizando unha linguaxe accesible ó grande público e unha imaxe visual da súa situación anterior son eixes fundamentais deste tipo de cartelería.


Segundo estes presupostos distinguiremos dous tipos de sinalización:


1. **Orientativa:** serve para facilitar o acceso dos visitantes (normalmente sitúase nas estradas, cruces, e lugares estratéxicos) ou para dirixir os fluxos dentro dun determinado elemento patrimonial (por exemplo un castro ou un núcleo histórico).

2. **Informativa ou explicativa:**

Aporta información ós visitantes

e lle dan unha serie de elementos que permiten **entender** un ou varios elementos patrimoniais. É moi importante a súa función, xa que se encargan de dotar a este recurso dun significado. Axudan, por tanto a darlle contido. A ausencia deste tipo de referente fai que en moitos casos bens patrimoniais sexan imperceptibles ou inintelixibles. A consecuencia é un detrimento para o patrimonio e para o visitante por que empobrece a súa experiencia.





Tendo en conta o que acabamos de dicir, trazamos a continuación e a necesidade dun plan de sinalización que debe contar cos seguintes puntos de partida:

- Estudo da sinalización orientativa existente no Concello, análise das carencias e necesidades, aplicación de medidas correctoras e colocación de aparato sinalético naqueles lugares onde hai actualmente un baleiro.
- Implantación de sinais informativos e explicativos nos recursos situados no entorno do Camiño de Santiago
- Implantación de sinais explicativos nos inicios e finais dos roteiros e, na medida do posible, nos elementos do patrimonio polos que discorran estes itinerarios.
- Implantación de sinalización en relación a bens patrimoniais de interese que non queden dentro dos itinerarios definidos.

### 5.3.6. Acondicionamento de bens e accesos.

Toda inversión nunca parte dun custo cero, tanto a sinalización como a divulgación xogan papeis esenciais e moitas veces son produto dun esforzo económico nun momento puntual. Pero as administracións que perseguen unha fonte de ingresos a través do turismo continuados deben preocuparse do mantemento e acondicionamento dos seus bens patrimoniais.

Aínda que non exista un proxecto de posta en valor para un xacemento, existen varias premisas que son imprescindibles. O acondicionamento dun ben comeza pola limpeza como parte máis sinxela de desenvolver, e remata cun plan de revalorización que contemple que o terreo e as actividades próximas ó monumento non supoñan un deterioro ou a perda de parte das súas características esenciais. Neste último epígrafe van incluídas, construcións que o oculten, plantacións de árbores que impidan a súa visibilidade ou obras que modifiquen substancialmente o entorno, ca finalidade de preservar o patrimonio.

I é que voltamos sobre a mesma idea do principio, a conservación do entorno dentro da Valoración do Potencial Turístico. Uns arredores degradados minimizan e afastan posibilidades de promoción turística.

## Agradecementos.

Debemos agradecer a colaboración de varias persoas, que directa ou indirectamente participaron e se amosaron interesadas por este proxecto.

A Jorge Couso, concelleiro de Cultura.

Amancio Liñares. Historiador e grande preocupado pola historia local.

A Pablo.

A Troncoso.

Xosé Maneiro de Campolongo.

Romarís.

Manuel Santos e Rocío Varela, arqueólogos.

## Bibliografía

- AGRAFOXO PÉREZ, X. (1992): *O hábitat castrexo no Val de Barcala, Amaía e o Val do Dubra*. Sementeira: Noia.
- ALONSO TRONCOSO, VÍCTOR (Coord.). (2003): *As Pontes de García Rodríguez*. Universidade de A Coruña
- AYÁN VILA, X. M. (Coord.). (2002): Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra). Unha proposta de recuperación e revalorización. *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe* 29. Santiago: IEGPS (CSIC-XuGa)
- AYÁN VILA, X. M. (2002). O xacemento de Castrolandín: recuperación a partir dun traballo superficial. Ayán Vila, X. M. (Coord.): Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra). Unha proposta de recuperación e revalorización. *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe* 29: 73-83. Santiago: IEGPS (CSIC-XuGa).
- BERMEJO BARRERA, JOSÉ CARLOS (2004): *¿Qué es la historia teórica?*. Akal Universitaria. Serie Interdisciplinar con la dirección del autor.
- CALO LOURIDO, F. (1994): *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- CARDESÓ LIÑARES, J. (1989): *El arte en el valle de Barcala*. Tese de doutoramento.
- CARRÉ ALDAO, E. (1934): *Prácticas y costumbres. Geografía General del Reino de Galicia*. Carreras Candi (Ed.) Tomo I, Reino de Galicia. Barcelona.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1953): (sin título). *Noticario Arqueológico Hispánico*: 220-221. Madrid.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988): *Los caminos medievais de Galicia*. Boletín Auriense: Anexo 9. Museo Arqueolóxico Provincial. Ourense.
- GARCÍA C., SHEE, E. *Proyecto Interprovincial de Catalogación y Prospección Arqueológica de Galicia. Catálogo de los túmulos megalíticos del Monte Corzán*.
- GASPAR, S. (1995): *Libro dos Cantares de Afons'Eanes do Coton*. Concello de Negreira: Negreira (A Coruña).
- GONZÁLEZ MÉNDEZ, M. (1999) Investigación y puesta en valor del patrimonio histórico: planteamientos y propuestas desde la arqueología del paisaje. Tese de doutoramento.
- (2000) *La revalorización del Patrimonio Arqueológico: La definición de un programa para el Ayuntamiento de Toques*. Arqueoloxía / investigación. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- ICOMOS (1990): *Carta internacional para a Xestión do Patrimonio Arqueolóxico*.
- LIÑARES GIRAUT, A. (1999): *Negreira. Capital barcalesa: Guía turística*. Concello de Negreira.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1957): Las estatuas de Logrosa. *Cuadernos de Estudios Gallegos* 12, fasc. 86. Santiago: 131-135.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1898-1909) *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Imp. del Seminario Conciliar Central, Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ BARBEITO, C. (1978): *Pazos, torres y linajes de la provincia de La Coruña*. Ed.. Everest. A Coruña.
- MIRAMONTES CASTRO, M.X. (1981): *As fortalezas baixomedievais en Galicia: unha aproximación histórica a partir do estudo de restos materiais e das descripcións do preito Tabera-Fonseca*. Tesis de licenciatura inédita.
- MIRÓ, M y PADRÓ, J. (2001) Patrimonio y Territorio: una reflexión sobre los proyectos de puesta en valor del patrimonio. *Património Estudos* (núm.1, 2001). Lisboa: Instituto Português do Património Arquitectónico.
- PADRÓ, J. (2001) Estrategias de desarrollo cultural y turístico del patrimonio local: El Puerto de Santa María. En AA.VV. *Gestión de proyectos culturales. Análisis de casos*. Barcelona: Editorial A r i e l.
- PADRÓ, J., MIRÓ, M. y J.M. GARCÍA (2001) La planificación del patrimonio y del turismo cultural. La filosofía y el método de trabajo de los proyectos de STOA. *Actas del Congreso Internacional de Itinerarios Culturales* (Santiago de Compostela, 14-17 de noviembre de 2000). Vol. I I. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
- PADRÓ WERNER, JORDI (1996) Órganos e instrumentos de gestión para la dinamización del patrimonio. Panel Monumental. Baeza (Jaén), 3 de Octubre de 1996.
- PEREIRA MENAUT, G. (1991): *Corpus de inscripcóns romanas de Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza: A Coruña.
- OTERO VILARIÑO, C. 2002. Proxecto de recuperación e revalorización do castro de Castrolandín. Ayán Vila, X. M. (Coord.): *Pasado e futuro de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra). Unha proposta de recuperación e revalorización*. *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe* 29: 169-87. Santiago: IEGPS (CSIC-XuGa).
- REBOLLO, OSCAR (2001) El plan comunitario de Trinitat Nova: Una experiencia de participación ciudadana. *Cultura y Participación*. III Actas de Cultura e Concellos celebrados en Santiago do 30 de Novembro ó 1 de Decembro do 2001.
- RIVAS NEGREIRA, V. (2000): *Plan xeral de ordenación municipal do concello de Negreira*.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (1984): *Las fortalezas de la mitra compostelana y los "irmandiños"*. Pleito Tabera-Fonseca. Galicia Historia: Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

## Páxinas web

SIXPAC. Sistema de Información Geográfica Política Agraria Común.

[www.xunta.es/conselle/ag/fogga/sixpac/visor/](http://www.xunta.es/conselle/ag/fogga/sixpac/visor/)

[www.crtvg.es/concellos/](http://www.crtvg.es/concellos/)

[www.welcome.to/negreira](http://www.welcome.to/negreira)

## Cartografía e Fotografía.

**Cartografía 1:25.000** do Instituto Topográfico Nacional actualizada. Follas 93-II, 93-IV, 94-I, 94-III

**Cartografía 1:10.000** do Instituto Topográfico Nacional actualizada. Follas 93-II-1/4, 93-IV-1/4, 94-I-1/4, 94-III-1/4

**Fotografía aérea** Vó americano do ano 1956.